

**ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**Sesión do 6 de setembro de 2013**

**ASISTENTES:**

**Membros :**

D. Abel Caballero Álvarez  
D. Carlos López Font  
D<sup>a</sup>. Raquel Díaz Vázquez  
D<sup>a</sup>. M<sup>a</sup> Isaura Abelairas Rodríguez  
D. José Manuel Fernández Pérez  
D. Santos Héctor Rodríguez Díaz

**NON ASISTEN:**

D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Carmen Silva Rego  
D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Lago Rey  
D. Cayetano Rodríguez Escudero  
D. Angel Rivas González

**Invitados:**

D. David Regades Fernández

Na Casa do Concello de Vigo, ás nove horas e dez minutos do día seis de setembro de dous mil trece e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como secretaria a concelleira, Sra. Abelairas Rodríguez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión ORDINARIA de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, o interventor xeral, Sr. García Alvarez, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

**1(955).- ACTA ANTERIOR.** Apróbase a acta da sesión do 23 de agosto de 2013. Deberá incorporarse ao libro de actas da Xunta de Goberno autorizada coa miña sinatura e maila do Sr.Alcalde-presidente.

**2(956).- PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 3/1166, 24/1717, 21/087, 21/777, 6/281.**

Examinadas as actuacións dos expedientes e de acordo cos informes-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformados pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, a Xunta de Goberno local acorda conceder a prestación do Servizo de Axuda no Fogar a:

– Milagros Quintela Molares. Expte. 1166/03.

- Concepción Garrido Rivas. Expte. 1717/24.
- Manuel Iglesias Sánchez. Expte. 06/281.
- Matilde González Campos. Expte. 777/21.
- Emilio Dos Santos Corral. Expte. 87/21.

**3(957).- RECTIFICACIÓN ACORDO X.GOBERNO LOCAL DO 19.07.13 SOBRE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR: ALTA EXPTE. 12/2194.**

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Benestar Social, conformado pola concelleira-delegada da Área de Política de Benestar, que di o seguinte:

*-O 19 de xullo de 2013 a Xunta de Goberno Local adoptou o acordo de conceder o Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup> Josefina Blanco Rey a proposta do Xefe de área de Política de Benestar.*

*-Por erro do que subscribe propúxose a Concesión do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup> Josefina Blanco Rey, sen que acadara a puntuación necesaria para recibir o Servizo, existindo outros usuarios con máis puntuación.*

*Polo anteriormente exposto, propónselle a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte acordo:*

*1.- Deixar sen efecto o acordo da Xunta de Goberno Local de 19 de xullo de 2013 de concesión do Servizo de Axuda no Fogar a D<sup>a</sup> Josefina Blanco Rey.*

*Non obstante, a Xunta de Goberno Local adoptará o acordo que estime máis oportuno.*

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**4(958).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A D. MANUEL IGLESIAS SAÍNZA PARA ORGANIZAR A “MARCHA CICLOTURISTA Á PARROQUIA DE BEADE” O VINDEIRO DÍA 8 DE SETEMBRO. EXPTE. 12371/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. Manuel Iglesias Saínza, a organizar o vindeiro domingo 8 de setembro de 2013 a, ” MARCHA CICLOTURISTA A PARROQUIA DE BEADE” dita evento está previsto que comenze ás 10.00horas e que remate ás 12.30horas. O percorrido da carreira sera polas rúas Real, Seixo, Carretera da Venda, Carretera do Porto, Coutada, Camiño da Vaca Morta, Camiño de Seixiños, Carretera Coutada, rúa Ramiro Pascual, Rúa Seixo e Camiño Real e meta.

**5(959).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN Á FEDERACIÓN GALEGA DE CICLISMO PARA ORGANIZAR A PRIMEIRA ETAPA DA XII EDICIÓN DA VOLTA CICLISTA A GALICIA, O DÍA 13 DE SETEMBRO. EXPTE. 12367/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar á Federación Galega de Ciclismo a organizar na cidade de Vigo a primeira etapa da XII edición da Volta Ciclista a Galicia, a partir das 10 horas do día 13 de setembro e cun percorrido con saída e chegada na Porta do Sol e Policarpo Sanz.

**6(960).- PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN A D. RICARDO MARTÍNEZ ABRIL PARA ORGANIZAR O “I TRIATLON DESAFÍO ILLAS CÍES” O 15 DE SETEMBRO. EXPTE. 11793/333.**

Examinadas as actuacións do expediente e de acordo co informe-proposta do director deportivo do IMD, do 3.09.13, conformado polo concelleiro de Deportes, a Xunta de Goberno local acorda:

Autorizar a D. Ricardo Martinez Abril en representación da Asociación Aguas Abiertas de Galicia, a organizar o vindeiro domingo 15 de setembro de 2013 o “I TRIATLON DESAFIO ILLAS CIES” este evento deportivo comenizará ás 10.00horas con a proba de natación que se levará a cabo na praia do Bao, a continuación a proba de ciclismo con 4 voltas dende a praia do Bao, Canido, Saians, Ramallosa e volta ata a praia do Bao, para rematar coa proba da carreira a pé tamén de 4 voltas e que percorrerá por Praia Bao dirección Samil pola rúa de Canido, rúa Rio, Ricardo Mella e baixada ata o Bao.

**7(961).- DAR CONTA DA TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE “SISTEMA DE RECLORACIÓN EN LIÑA EN SARDOMA”. EXPTE. 1999/440.**

Dáse conta do informe-proposta do xefe de Área de Fomento, do 14.08.13, conformado polo concelleiro de Área de Fomento, que di o seguinte:

*A Xunta de Goberno Local, en sesión Extraordinaria e Urgente celebrada o día 21 de novembro de 2011, acordou declarar a prórroga da concesión administrativa da Xestión Integral do Servizo de Abastecemento e Saneamento de Augas, outorgada a favor da Entidade Concesionaria do Servizo, Aqualia-FCC Vigo UTE, por un período de 5 anos.*

*Na clausula terceira do documento, establécese o compromiso por parte da entidade Concesionaria do servizo, de levar a cabo a financiación dun plan de investimentos según as contías e prazos que se sinalan no citado documento.*

*Así mesmo en sesión ordinaria de data 8 de marzo de 2013, a Xunta de Goberno Local acordou aprobar a ordeación do procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia. Este procedemento no apartado III, punto c, indica que a entidade Concesionaria Aqualia comprometése a dar conta á Xunta de Goberno Local do correspondente contrato de obra, o cal deberá incluír unha serie de apartados específicos. A memoria valorada das obras “Sistema de*

recloración en liña en Sárdoma”, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en data 23 de novembro de 2012, co número de expediente 2.255/443 e por un importe total de 76.347,85 € (IVE excluído).

En data 9 de agosto de 2013, Aqualia presenta no Rexistro Xeral do Concello a documentación requirida no apartado III.c indicado anteriormente.

Dacordo co indicado, faise á Xunta de Goberno Local a seguinte:

**PROPOSTA:**

1.- Dar conta da tramitación do seguinte expediente “Sistema de recloración en liña en Sárdoma”, cos datos requiridos no apartado III.c do Procedemento a seguir nas obras do Plan de Inversións de Aqualia:

- Código do proxecto: Expte. 2255/443.
- Nome e razón social do adxudicatario: Aqualia Infraestructuras, S.A.
- NIF: A38849495.
- Orzamento de execución material: 64.157,86 €
- Orzamento de contrata: 76.347,85 € (IVE excluído).
- Prazo de execución: 1 mes.
- Data inicio obra: 15 días dende a firma da Acta de Comprobación de replanteo.
- Prazo de garantía: 2 anos.
- Dirección de obra: Álvaro Crespo Casal e Jerónimo Centrón Castaños.
- Prevención de riscos laborais: actuación recollida dentro da coordinación de actividades da empresa.

Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

**8(962).- DEVOLUCIÓN DE AVAL A FAVOR DE GAS NATURAL DISTRIBUCIÓN SDG, S.A. POR OBRAS DE CANALIZACIÓN EN AVDA. CLARA CAMPOAMOR. EXPTE. 69227/250.**

Examinadas as actuacións do expediente, e de acordo co informe-proposta do enxeñeiro xefe de Vías e Obras, do 30.08.13, conformaco polo concelleiro delegado da Área de Fomento, a Xunta de Goberno local acorda:

Proceder á devolución da fianza de trece mil seiscentos oitenta e catro con noventa e dous céntimos (13.684,92€) a favor de Gas Natural Distribución SDG, S.A. constituía por obras de canalización en Avda. Clara Campoamor.

**9(963).- SEGUNDA ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DE IGUALDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL ÁS MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DUN SERVIZO DE TELETRADUCCIÓN. EXPTE. 5241/224.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico, de data 2.09.13, e de acordo co informe-proposta do 2.09.13, conformado pola concelleira de Igualdade, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar con data 21 de agosto de 2013 a sinatura da Addenda ao Convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade da Xunta de Galicia e o Concello de Vigo para a asistencia social integral ás mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletradución.

2º.- Aprobar o texto, que de seguido se dí:

*ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE E O CONCELLO DE VIGO PARA A ASISTENCIA SOCIAL INTEGRAL A MULLERES INMIGRANTES A TRAVÉS DUN SERVIZO DE TELETRADUCIÓN.*

*Santiago de Compostela, 21 de agosto de 2013*

*REUNIDAS*

*Dunha banda:*

*A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, representada por D. Alfonso Rueda Valenzuela, en virtude do Decreto 277/2012, do 2 de decembro polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, do Decreto 234/2012, do 5 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da Vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia, en virtude do seu nomeamento polos Decretos 229/2012 e 230/2012, do 2 de Decembro, e no exercicio das facultades atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.*

*Doutra:*

*Don Abel Ramón Caballero Álvarez Alcalde-Presidente do Excmo. Concello de Vigo, en nome e representación do mesmo, según dispón o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

*Ámbalas dúas partes interveñen en función dos seus respectivos cargos e no exercicio das facultades que para conveniar en nome das entidades que representan teñen conferidas,*

*EXPOÑEN*

*Que con data 23 de agosto de 2012 asinouse o convenio de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Vigo para a asistencia social integral á mulleres inmigrantes a través dun servizo de teletradución.*

*Na cláusula cuarta do citado convenio establécese que a duración máxima do convenio será ata o 31 de agosto de 2013.*

*A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade e o Concello de Vigo amosan o seu interese en manter o servizo de teletradución posto que a utilidade e o bo funcionamento vense poñendo de manifesto dende a implantación deste servizo.*

*Por outra banda, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Secretaría Xeral da Igualdade, aínda dispón de minutos de teletradución para seguir prestando este servizo, sen que supoña aumento de gasto.*

*ACORDAN*

*Primeiro: Modificar a cláusula cuarta do convenio, ampliando o prazo do acordo ata o 31 de agosto de 2014.*

*Segundo: Esta addenda entrará en vigor o día da súa sinatura.*

*En proba de conformidade cos termos desta addenda, as partes comparecentes asinan e rubrican por duplicado exemplar, no lugar e data indicados no encabezamento.*

**10(964).- INDEMNIZACIÓN SUBSTITUTIVA POR IMPORTE DE 8.198,29 € A FAVOR DE IMESAPI S.A. POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE CONSERXERÍA E ATENCIÓN AO PÚBLICO NOS CENTROS CÍVICOS- MAIO 2013. EXPTE. 2878/321.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 28.08.13, e de acordo co informe-proposta do xefe de Participación e Atención Cidadá, do 3.06.13, conformado polo concelleiro de Educación, Emprego, Participación Cidadá e Voluntariado, e a concelleira de Economía e Facenda, a Xunta de Goberno local acorda:

- 1º.- Declarar a nulidade da prestación do servizo realizada pola entidade Imesapi S.A.
- 2º.- Aprobar a indemnización substitutiva, polas actuacións e o gasto realizado, de conformidade coa Base 28<sup>a</sup> das Bases de execución do orzamento para o ano 2013, por un importe de 8.198,29 € (oito mil cento noventa e oito euros con vinte e nove céntimos), a favor de Imesapi S.A. (CIF:A-28010478), con cargo á aplicación 9240 2279904 (At. O Público e Conserxería Ctros. Cívicos)
- 3º.- Recoñecer a obriga a IMESAPI S.A., polo importe de 8.198,29 € e correspondente a prestación do servizo de conserxería e atención ao público nos centros cívicos, no mes de maio de 2013.

**11(965).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 167/2013, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 5, NO PROCEDIMENTO 522/2010, SEGUIDO A INSTANCIA DE DA. NANCY C. RODRÍGUEZ PADRÓN E DA. SUSANA MA. DAVILA BARBA. EXPTE. 24344/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Réxime Interior, do 8.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

**ANTECEDENTES**

*1.- En data 15 de setembro de 2010, o Xulgado do Social Nº 5 dos de Vigo, dictou sentenza no procedemento 552/2010, interposto por D<sup>a</sup> Susana María Davila Barba e D<sup>a</sup> Nancy C. Rodrí-*

quez Padrón, en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, dictándose con data 1 de febreiro auto en relación coa parte dispositiva de dita sentenza por subsanación de erro de cálculo, fallándose literalmente que:

*“Que estimando la demanda que en materia de reconocimiento de derecho ha sido interpuesta por D<sup>a</sup> Susana María Davila Barba y D<sup>a</sup> Nancy C. Rodríguez Padrón, contra Concello de Vigo, debo declarar y declaro el derecho de las actoras a ser retribuidas conforme al convenio colectivo del Concello de Vigo, incluyendo a D<sup>a</sup> Susana en el grupo A, subgrupo A2, CD 25 y CE 17; y a D<sup>a</sup> Nancy en el grupo A, subgrupo A2, CD 26 y CE 11, condenando al demandado a abona a D<sup>a</sup> Susana la cantidad de 13.708,25 euros; y a D<sup>a</sup> Nancy la cantidad de 14.699,09.”*

2.- *Pola representación legal do Concello ante esta sentenza recurrese en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 12 de abril de 2013 (recurso de suplicación 5415/2010):*

*“Desestimamos el recurso de suplicación formulado por el Letrado D. Daniel del Valle Corrochano, en nombre y representación del Ayuntamiento de Vigo, contra la sentencia de fecha quince de septiembre de 2010, dictada por el Juzgado de lo Social Cinco de Vigo, en el procedimiento 552/10 seguido a instancia de D<sup>a</sup> Susana Davila Barba y D<sup>a</sup> Nancy C. Rodríguez Padrón, sobre reconocimiento de derecho y de cantidad, confirmando integramente y en todos sus pronunciamientos la expresada resolución.”*

3.- *Pola representación legal do Concello remítese con data 19 de xuño de 2013, auto e decreto do Xulgado do Social nº 3 de Vigo polo que se instaba a execución da sentenza 600/2010, no procedemento 552/2010, polas contías correspondentes a principal, honorarios de letrado e intereses.*

4.- *Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir polas interesadas, correspondentes a diferenza salariais nos períodos indicados no fallo de dita sentenza.*

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de xulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’ esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

II.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de enero de 2013, recaída no recurso de suplicación nº 5415/2010.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/13, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, por importe de 32.117,34 € (28.407,34 de principal 300 € honorarios letrado e 3.410,00 de intereses) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 9.882,02 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

V.

|                            | PERIODO                    | CUANTIA   |           | SS EM-PRESA | SSTRAB. | IRPF     |
|----------------------------|----------------------------|-----------|-----------|-------------|---------|----------|
| NANCY C. RODRIGUEZ PA-DRÓN | 23/11/2009 A<br>31/08/2010 | 14.699,09 |           | 32,10%      | 6,40%   | 15,00%   |
| nov-09                     | 8                          |           | 338,24    | 108,58      | 21,65   |          |
| dic-09                     | 30                         |           | 1.268,42  | 407,16      | 81,18   | 301,38   |
| enero-agosto 10            | 240                        |           | 10.282,00 | 3.300,52    | 658,05  | 1.903,48 |
| EXCEDE COTIZACION          |                            |           |           |             |         |          |
| SUSANA Mª DAVILA BARBA     | 20/05/09 A<br>31/08/2010   | 13.708,25 |           | 33,10%      | 6,40%   | 15,00%   |
| CONTRATO 501               |                            |           |           |             |         |          |
| may-09                     | 11                         |           | 163,55    |             |         |          |
| junio-octubre09            | 150                        |           | 2.230,19  |             |         |          |
| nov-09                     | 22                         |           | 327,09    |             |         |          |
| CONTRATO 401               |                            |           | 2.720,83  | 900,60      | 174,13  | 408,13   |
| nov-09                     | 8                          |           | 316,18    |             |         |          |
| dic-09                     | 30                         |           | 1.185,69  | 482,10      | 96,12   | 225,28   |
| enero-agosto 10            | 240                        |           | 9.485,54  | 3.044,86    | 607,07  | 1.422,83 |



Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

*“PRIMEIRO.- Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 5415/2010 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 5, 600/2010, no procedemento 552/2010 e proceder ao cumprimento da execución 167/2013, nos autos seguidos a instancia de D<sup>a</sup> Susana M<sup>a</sup> Davila Barba (DNI32779068-C) e D<sup>a</sup> Nancy C. Rodríguez Padrón (DNI 79081072-B) de recoñecemento de dereito e diferencias salariais do período comprendido entre 20/05/2009 a 31/08/2010, por importe de 32.117,34 € (28.407,34 € de principal, máis 300 € de honorarios letrado e 3.410,00 € presupostados provisionalmente de intereses).*

*SEGUNDO.- Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias a D<sup>a</sup> Susana M<sup>a</sup> Davila Barba, polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores (877,33 €) e IRPF (2.056,24 €); e a D<sup>a</sup> Nancy C. Rodríguez Padrón 760,87 € de seguridade social a cargo dos traballadores e 2.204,86€ de IRPF, efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 5 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3630 0000 64 016713. (26.218,03 € –22.508,03 € máis 300 € de honorarios letrado e 3.410,00 € de intereses-)*

*TERCEIRO.- Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social dos traballadores e da empresa, polo periodo de 20/05/09 a 31/08/2010.*

*CUARTO.- Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 5 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan.”*

*Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **12(966).- EXECUCIÓN TÍTULOS XUDICIAIS 102/2013, DO XULGADO DO SOCIAL Nº 3, NO PROCEDIMENTO 1147/2009 EN MATERIA DE RECOÑECEMENTO DE DEREITO E CANTIDADES INTERPOSTO POR DA. ALEJANDRA M. SOUSA FERNÁNDEZ E OUTRAS. EXPTE. 24346/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 29.08.13, dáse conta do informe-proposta da xefa de Negociado de Réxime Interior, do 2.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

## ANTECEDENTES

1.- En data 13 de xaneiro de 2010, o Xulgado do Social Nº 3 dos de Vigo, dictou sentenza no procedemento 1147/2009, interposto por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Gloria Pérez Duran, D<sup>a</sup> Alejandra M<sup>a</sup> Sousa Fernández, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Cores Otero e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Tatiana Núñez Vázquez, en materia de recoñecemento de dereito e cantidades, dictándose con data 1 de febreiro auto en relación coa parte dispositiva de dita sentenza por subsanación de erro de cálculo, fallándose literalmente que:

*“Que estimando la demanda que en materia de reconocimiento de derecho y cantidades ha sido interpuesta por D<sup>a</sup> Alejandra M<sup>a</sup> Sousa Fernández, contra el Ayuntamiento de Vigo, debo declarar y declaro el derecho de la actora a tener la consideración de personal indefinido y ser retribuida como tal, así como que se le abonen en concepto de diferencias salariales, por el período correspondiente a 10 de octubre de 2008 hasta el 31 de diciembre de 2009 la cantidad de 15.087,87 euros, condenando al Ayuntamiento de Vigo, a estar y pasar por tal declaración y al abono de la citada cuantía.*

*Que estimando la demanda que en materia de reconocimiento de derecho y cantidades ha sido interpuesta por D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Cores Otero, contra el Ayuntamiento de Vigo, debo declarar y declaro el derecho de la actora a tener la consideración de personal indefinido y ser retribuida como tal, así como que se le abonen en concepto de diferencias salariales, por el período correspondiente a 10 de octubre de 2008 hasta el 31 de diciembre de 2009 la cantidad de 15.087,87 euros, condenando al Ayuntamiento de Vigo, a estar y pasar por tal declaración y al abono de la citada cuantía.*

*Que estimando la demanda que en materia de reconocimiento de derecho y cantidades ha sido interpuesta por D<sup>a</sup> Tatiana Núñez Vázquez, contra el Ayuntamiento de Vigo, debo declarar y declaro el derecho de la actora a tener la consideración de personal indefinido y ser retribuida como tal, así como que se le abonen en concepto de diferencias salariales, por el período correspondiente a 10 de octubre de 2008 hasta el 31 de diciembre de 2009 la cantidad de 3.084,18 euros, condenando al Ayuntamiento de Vigo, a estar y pasar por tal declaración y al abono de la citada cuantía.*

*Que estimando la demanda que en materia de reconocimiento de derecho y cantidades ha sido interpuesta por D<sup>a</sup> Gloria Pérez Durán, contra el Ayuntamiento de Vigo, debo declarar y declaro el derecho de la actora a tener la consideración de personal indefinido y ser retribuida como tal, así como que se le abonen en concepto de diferencias salariales, por el período correspondiente a 17 de febrero de 2009 hasta el 31 de diciembre de 2009 la cantidad de 10.092,95 euros, condenando al Ayuntamiento de Vigo, a estar y pasar por tal declaración y al abono de la citada cuantía.*

2.- Pola representación legal do Concello ante esta sentenza recurrese en suplicación perante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, que falla con data 24 de xaneiro de 2013 (recurso de suplicación 1850/2010):

*“Que desestimando el recurso de suplicación interpuesto por el demandado Concello de Vigo, contra la sentencia de fecha 13 de enero de 2010, dictada por el Juzgado de lo Social nº 3 de Vigo, en los presentes autos tramitados a instancia de las actoras D<sup>ÑA</sup>. ALEJANDRA MARIA SOUSA FERNANDEZ, D<sup>ÑA</sup>. M<sup>a</sup> CARMEN CORES OTERO, D<sup>ÑA</sup>. M<sup>a</sup> GLORIA PEREZ DURAN y D<sup>ÑA</sup>. M<sup>a</sup> TATIANA NUÑEZ VAZQUEZ, debemos confirmar y confirmamos íntegramente dicha sentencia, con imposición a la parte demandada de las costas causadas en el recurso, que incluirán la cantidad de 300 euros en concepto de honorarios del Letrado de la parte impugnante.”*

3.- Polo Xulgado do Social nº 3 de Vigo remítese auto e decreto polo que se instaba a execución da sentenza 21/2010, no procedemento 1147/2010 doutra execución.

4.- Como consecuencia dos anteriores feitos polo Servizo de Recursos Humanos realízase o cálculo das cantidades a percibir polas interesadas, correspondentes a diferenza salariais nos períodos indicados no fallo de dita sentenza.

#### FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA.

I. A vixente Constitución de 1978 contempla o exercicio da potestade xurisdiccional dende unha dobre perspectiva: como potestade de vulgar e facer executa-lo xulgado residenciada con carácter exclusivo nos xulgados e tribunais de xustiza (artigo 117.3) e como obriga de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais e a de prestar a colaboración requirida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto (artigo 118), ambas como máxima expresión da doutrina da separación de poderes subxacente ao nos sistema constitucional, herdeiro do constitucionalismo europeo influenciado por MONTESQUIEU e a súa fundamental obra “Dèfense de l’esprit des lois” (1750), identificativas da independencia e autonomía do poder xudicial nas sociedades constitucionais contemporáneas.

En idéntico senso, o artigo 18.2 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, establece a obriga de cumprimento das sentenzas nos seus propios termos. A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103). No artigo 17.2 da referenciada Lei Orgánica do Poder Xudicial preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial plenamente consolidado, “... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado”.

III. En aplicación do principio de especialidade como principio xeral do Dereito, informador do ordenamento xurídico ex artigo 3 do vixente Código Civil, cómpre salientar salientar que a Ley 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da xurisdicción laboral, efectúa no seu artigo 237 unha remisión normativa á Lei 1/2000, do 7 de xaneiro, de Axuízamento Civil, en canto á execución de sentenzas e demais resolucións xudiciais firmes (v. artigos 517 e seguintes da mesma); constitúen títulos executivos, entre outros, as sentenzas de condena firmes (artigo 235.1) como é, no suposto que nos ocupa, a Sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia do 24 de enero de 2013, recaída no recurso de suplicación nº 1850/2010.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para resolver en tal senso, de conformidade co establecido no artigo 127. h) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, en aplicación da cláusula de competencia residual en materia de persoal e previo o preceptivo informe de fiscalización de conformidade co previsto no R.d. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais,

por importe de 47.688,15 € (43.352,87 de principal más 4.335,28 de intereses) con cargo á partida 92201410000 "Indemnizacións por sentenzas xudiciais" e da parte correspondente a seguridade social por importe de 16.148,96 € con cargo a partida 922201600000, segundo o seguinte desglose:

|   |           | SS EMPRE-<br>SA | SS.TRABA-<br>LLADOR | IRPF     |
|---|-----------|-----------------|---------------------|----------|
|   |           | 30,90%          | 6,35%               | 15,00%   |
| ALEJANDRA M <sup>a</sup> SOUSA FERNAN-<br>DEZ |           |                 |                     |          |
| 10/10 A 31/12/2008                            | 2.743,25  | 847,66          | 174,20              | 411,49   |
| ENERO-DICIEMBRE 09                            | 12.344,64 | 3.814,49        | 783,88              | 1.851,70 |
| M <sup>a</sup> CARMEN CORES OTERO             |           |                 |                     |          |
| 10/10 A 31/12/2008                            | 2.743,25  | 847,66          | 174,20              | 411,49   |
| ENERO-DICIEMBRE 09                            | 12.344,64 | 3.814,49        | 783,88              | 1.851,70 |
| TATIANA NUÑEZ VAZQUEZ                         |           |                 |                     |          |
| 10/10 A 31/12/2008                            | 560,76    | 173,27          | 35,61               | 84,11    |
| ENERO-DICIEMBRE 09                            | 2.523,42  | 779,74          | 160,24              | 378,51   |
| GLORIA PEREZ DURAN                            |           |                 |                     |          |
| 17/02 A 31/12/2009                            | 10.092,95 | 3.118,72        | 640,90              | 1.513,94 |

Consecuentemente, sométese á consideración do dito órgano a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

**PRIMEIRO.-** Tomar razón das sentenzas do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia no recurso de suplicación 1850/2010 que declara a firmeza da do Xulgado do Social Nº 3 21/2010, no procedemento 1147/2009 e proceder ao cumprimento da execución 72/2012, nos autos seguidos a instancia de seu cumprimento, nos autos seguidos a instancia de D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Gloria Pérez Duran (DNI 36099404-F), D<sup>a</sup> Alejandra M<sup>a</sup> Sousa Fernández (DNI 76813932-G), D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Carmen Cores Otero (DNI 36087102-X) e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Tatiana Núñez Vázquez (DNI 36101067-Z) de recoñecemento de dereito e diferencias salariais do período comprendido entre 10/10 de 2008 a 31/12/2009, por importe de 43.352,87 de principal más 4.335,28 de intereses

**SEGUNDO.-** Dispoñer que se proceda aos descontos das cantidades regulamentarias polos conceptos de seguridade social a cargo dos traballadores (2.752,91 €) e IRPF (6.502,93 €), efectuando o correspondente ingreso na conta do Xulgado do Social Nº 3 mediante transferencia bancaria na conta nº 0030 1846 42 0005001274, debendo indicar en concepto: expte. 3628 0000 64 010213. (38.432,31 -34.097,03 € máis 4.335,28 € de intereses-)

**TERCEIRO.-** Dispoñer que polo Negociado de Seguridade Social se proceda a realizar a oportuna liquidación e cotización (L03) á seguridade social, pola parte correspondente á seguridade social do traballador e da empresa, polo período de 10/10 de 2008 a 31/12/2009.

**Cuarto.-** Dar conta do presente acordo ó Xulgado do Social nº 3 de Vigo ós oportunos efectos en relación coa providencia xudicial que se executa a través da representación legal do Concello no referido procedemento xudicial, notificando asemade ao Servizo de Asesoría Xurídica, Intervención Xeral, Xefe do Servizo de Prom. Económica, Xefatura da Área de Réxime Interior e Servizo de Recursos Humanos (Planificación e Organización-Seguridade Social) aos efectos que procedan."

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2

meses dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

### **13(967).- EXECUCIÓN DA SENTENZA 161/2013, DO 13 DE XUÑO, DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº1 DE VIGO, NO RCA (P.O.) Nº 143/2010-1 INTERPOSTO POR D<sup>a</sup>. AUREA SOTO LAGO. EXPTE. 24364/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 2.09.13, dáse conta do informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos, do 30.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### *ANTECEDENTES*

1.- *En data 12.06.2013 o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo dictou sentenza no recurso contencioso-administrativo (procedemento ordinario) nº 143/2010, interposto por D<sup>a</sup> ÁUREA SOTO LAGO contra o Concello de Vigo, en reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos padecidos por presunto acoso laboral.*

*A sentenza literalmente establece no fallo:*

*“Que estimando como estimo en parte el recurso contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup> Aurea Soto Lago, frente al Concello de Vigo, en los autos del Procedimiento Ordinario número 143/2010, contra la actuación administrativa citada en el encabezamiento, la anulo por considerarla contraria al ordenamiento jurídico.*

*En consecuencia, debo declarar y declaro el derecho de la Sra. Soto a percibir una indemnización por importe de 10.000 euros, por los daños sufridos por acoso laboral padecido entre los meses de junio de 2007 y 2009, condenando a la Administración demandada a estar y pasar por esta declaración y abonar la meritada suma, con los intereses legales desde la fecha de esta sentencia.”*

2.- *En oficio de data 05/08/2013, a Asesoría Xurídica Municipal comunica a dación de conta da resolución xudicial á Xunta de Goberno Local, significando en informe adxunto, de data 17/06/2013, a necesidade de execución do resolto en tempo e forma, indicando que, tras a avaliación ponderada da sentenza polos servizos xurídicos municipais, proponse non interpoñer recurso de apelación contra a mesma, polo que procede a inmediata execución do mandato xudicial. Igualmente, sinala a necesidade de adopción das medidas necesarias para o aseguramento da carga de traballo e rendemento efectivo da demandante.*

#### *FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA*

*I. O artigo 103.2 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa, establece que as resolucións xudiciais firmes son de obrigado cumprimento na forma e nos termos que nestas se consignent; no mesmo senso se manifesta o artigo 18.2 da Lei Orgá-*

nica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial, cando afirma que as sentenzas haberán de cumprirse nos seus propios termos.

A vixente Constitución de 1978 contempla no seu artigo 118 a obrigatoriedade de cumprimento das sentenzas e demais resolucións firmes emanadas dos xuíces e Tribunais, así como a de prestar a colaboración requerida por éstos, tanto no curso do proceso coma na execución do resolto.

A Administración Pública está suxeita, no desenvolvemento da súa actividade, ao principio constitucional do pleno sometemento á Lei e ó Dereito (artigo 103); no apartado 2 do artigo 103 da citada Lei 29/1998 se consigna a obriga que teñen todas as persoas e entidades -públicas e privadas- de prestar toda a colaboración requirida polos xulgados e tribunais do Contencioso-Administrativo para a debida e completa execución do resolto. É no apartado 4 do mesmo onde se establece que son nulos de pleno dereito os actos e disposicións contrarios ós pronunciamentos das sentenzas que se dicten coa finalidade de eludir o seu cumprimento.

No artigo 17.2 da Lei Orgánica do Poder Xudicial xa citada preceptúase que as Administracións Públicas, as autoridades e funcionarios, as Corporacións e todas as Entidades públicas e privadas deben respetar, e, no seu caso, cumprir as sentenzas e demais resolucións xudiciais que teñen gañado firmeza ou sexan executables de conformidade coas leis.

II. Tal e como sinala o Tribunal Constitucional na Sentenza 66/1982, de 12 de novembro, e que constitúe criterio xurisprudencial, "... o artigo 24 da Constitución Española, en canto que garante a todas as persoas o dereito a obter a tutela efectiva de xuíces e tribunais no exercicio dos seus dereitos e intereses lexítimos, implica o recoñecemento dos efectos das resolucións dos tribunais predeterminados pola Lei por todos os órganos do Estado".

III. No presente suposto, debe prestarse especial atención ao pronunciamento xudicial obxecto de execución, polo seu alcance e contido; en concreto, o fundamento xurídico terceiro, parágrafos 11 e 12, sinala que:

"Este iter temporal ha sido preciso consignarlo para extraer una primera conclusión necesaria: la situación de acoso que se denuncia sólo puede ser entendida como producida en un concreto lapso: el período de tiempo que permaneció en el Departamento de Patrimonio Histórico. Las vicisitudes anteriores a ese traslado ya fueron judicialmente resueltas, agotándose sus consecuencias; y las posteriores, tras su reincorporación a la Xerencia Municipal de Urbanismo, en modo alguno son constitutivas de acoso laboral. Ese reintegro se produjo conforme al ordenamiento jurídico, como este Juzgado tuvo ocasión de razonar en el Auto de 26/09/2011.

Situados, pues, en el contexto de la época en que la Sra. Soto permaneció en el Departamento de Patrimonio Histórico, ha quedado plenamente acreditado que allí sufrió una situación de aislamiento laboral, en el sentido de que, durante el tiempo que estuvo en activo, no se le asignó función o tarea alguna (.....)

En el supuesto analizado, se está en presencia de acoso laboral en su vertiente de denigración profesional, al adoptarse en la práctica una medida organizativa del trabajo que resultó peyorativa para la afectada, en cuanto no se le dotaba de efectividad alguna a su trabajo, desembocando en una situación de aislamiento en el seno del departamento. No se trataba de que la Sra. Soto mostrase su disgusto con las funciones que podrían serle encomendadas, sino que verdaderamente no se le encargó ninguna (....)"

Por tales motivos, así como polo contido e alcance dos fundamentos xurídicos e feitos probados da sentenza, este Servizo de Recursos Humanos estima necesaria a toma de coñecemento polos órganos xestores de persoal da importancia do aseguramento da efectividade no desempe-

ño de funcións por parte do persoal municipal, garantindo unha carga de traballo medible, adecuada ao contido e funcións inherentes aos postos de traballo de adscripción, e especialidade do corpo, escala e clase da praza asociada, e sostida no tempo, sen prexuízo da lóxica variabilidade das puntas de traballo en función do ámbito, sector ou servizo de destino, e verificando paralelamente o rendemento do persoal –esixindo o mesmo e sancionando os incumprimentos-, sendo responsabilidade directa e inmediata das xefaturas dos mesmos a evitación de situacións similares, e en todo caso e no que exceda das súas funcións, a posta en coñecemento dos Sres/as Concelleiros/as responsables de cada área de goberno, nos termos das competencias que ostentan por delegación efectuada en Decreto de 07.02.2013.

En idéntico senso, este Servizo de Recursos Humanos estima necesario que por parte do órgano competente se inste ao aseguramento das condicións profesionais da reclamante, Sra. Soto Lago, no servizo de destino actual (organismo autónomo municipal Xerencia Municipal de Urbanismo) a fin de que se permita e salvagarde o correcto desenvolvemento funcional e profesional, segundo establece a sentenza xudicial obxecto de execución, esixindo igualmente o efectivo e pleno rendemento no seu posto de traballo.

IV. Sen prexuízo das competencias que o Sr. Concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal ostenta en canto ó cumprimento dos mandamentos e exhortos procedentes das autoridades xudiciais relacionados co persoal municipal, delegadas por Decreto da Alcaldía de 07/02/2013, corresponde á Xunta de Goberno Local a competencia para acordar a execución efectiva da sentenza, toda vez que implica o aboamento dun importe de 10.000 euros en concepto de indemnización por danos morais, cos correspondentes xuros legais segundo indica a sentenza, de conformidade co establecido no artigo 127.1.g) da vixente Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local.

A tal efecto, debe indicarse que existe no Capítulo I de gastos dos vixentes Orzamentos Municipais unha aplicación orzamentaria específica (aplicación 922.0.141.00.00- INDEMNIZACIONES POR SENTENCIAS XUDICIAIS OU RESOLUCIONES DOUTRAS ADMINISTRACIONES) dotada cun crédito inicial de 50.000 euros, con cargo á cal efectuar a imputación orzamentaria e contable do gasto de 10.000 euros (máis o interese legal correspondente) derivado dos danos morais sinalados. A tal efecto, estarase ao disposto no preceptivo e previo informe de fiscalización que pola intervención Xeral Municipal se emita, ao abeiro do disposto nos artigos 213 a 223 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

Consecuentemente, sométese á consideración da Xunta de Goberno Local a aprobación da seguinte PROPOSTA DE ACORDO:

“PRIMEIRO.- Proceder ao efectivo cumprimento do mandato xudicial contido na Sentenza nº 161/2013, do 12 de xuño, dictada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Vigo no recurso contencioso-administrativo (procedemento ordinario) nº 143/2010, interposto por D<sup>a</sup> ÁUREA SOTO LAGO contra o Concello de Vigo en reclamación de responsabilidade patrimonial por danos e prexuízos padecidos por presunto acoso laboral, cuxo fallo establece:

“Que estimando como estimo en parte el recursos contencioso-administrativo interpuesto por D<sup>a</sup> Áurea Soto Lago, frente al Concello de Vigo, en los autos del Procedimiento Ordinario número 143/2010, contra la actuación administrativa citada en el encabezamiento, la anulo por considerarla contraria al ordenamiento jurídico.

En consecuencia, debo declarar y declaro el derecho de la Sra. Soto a percibir una indemnización por importe de 10.000 euros, por los daños sufridos por acoso laboral padecido entre los meses de junio de 2007 y 2009, condenando a la Administración demandada a estar y pasar por

esta declaración y abonar la meritada suma, con los intereses legales desde la fecha de esta sentencia.”

*SEGUNDO.- Acordar, ao abeiro do disposto na resolución xudicial que se executa, que se proceda ao abono á funcionaria municipal D<sup>a</sup> ÁUREA SOTO LAGO da indemnización prevista na mesma, por importe de 10.000 euros, cos intereses legais dende a data da sentenza, nos termos do establecido no fallo reproducido no apartado Primeiro do presente acordo.*

*TERCEIRO.- Ordenar que polos responsables do servizo de destino de D<sup>a</sup> ÁUREA SOTO LAGO se adopten as medidas oportunas tendentes ao aseguramento da efectividade da carga de traballo e rendemento efectivo da demandante, nos termos da sentenza que se executa e do informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 17/06/2013.*

*CUARTO.- Dar conta do presente acordo á interesada, Asesoría Xurídica Municipal (Sra. Titular e Sr. Xefe do Servizo Contencioso); Sra. Concelleira-delegada da Área de Urbanismo; Sra. Xerente de Urbanismo, e Comité de Persoal aos efectos que procedan.”*

*Contra a presente resolución, que ten natureza xurídica e procedimental de acto de trámite, en cumprimento de resolución xudicial firme, únicamente caberá a interposición de recurso potestativo de reposición nos supostos previstos no artigo 107 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, modificada pola Lei 4/1999, no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da notificación da mesma, sen prexuízo de calquera outro que, en vía xurisdiccional, estimen procedente en defensa dos seus dereitos.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

#### **14(968).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DUN/DUNHA AUXILIAR DE ADMINISTRACIÓN XERAL, BAIXO A MODALIDADE PREVISTA NO ART. 10.10D) DA LEI 7/2007, DO 12 DE ABRIL, DO ESTATUTO BÁSICO DO EMPREGADO PÚBLICO (EBEP), POR UN PERÍODO DE SEIS MESES. EXPTE. 24257/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formaicón de Recursos Humanos, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Declara-la urxencia no nomeamento dun/dunha funcionario/a interino/a por acumulación de tarefas, como Auxiliar de Administración Xeral, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades do Servizo de Estatística, contida nos escritos de datas 18/6/2013 e 19/8/2013 e, en consecuencia, autoriza-lo gasto por importe de 10.747,62€ con cargo a partida orzamentaria 922.0.140.00.00 -outras modalidades contratación laboral, para facer fronte ao referido nomeamento.



Segundo.- Nomear como funcionaria interina por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D<sup>a</sup>. MARTA NIETO FERNANDEZ, DNI 53114567T, seguinte aspirante que superou tódolos exercicios da oposición na derradeira convocatoria para a provisión de prazas de Auxiliares de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente o ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

Terceiro.- O referido nomeamento faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público, rematando cando transcurran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 138, auxiliar, sendo adscrita ao Servizo de Estatística.

Cuarto.- A xonada laboral da referida funcionaria interina nomeada, desenvolverase preferentemente en xornada continuada de mañá –07,30 a 15,00 horas-. En calquera caso, contarase con dispoñibilidade horaria para traballar en quenda de tarde, si por requerimento do Servizo fose necesario.

Quinto.- Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo no prazo de 2 meses contados dende o día seguinte ao da publicación do acto que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos, 8, 25 e 46 da vixente Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

**15(969).- GRATIFICACIÓN POR SERVIZOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL DO SERVIZO DE CEMITERIOS POR EXCESO DE XORNADA ANUAL CORRESPONDENTE AO MES DE XULLO DE 2013. EXPTE. 24331/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 7.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Recoñece-las obrigas que polo concepto de gratificación por servizos especiais e extraordinarios en compensación ás horas en exceso realizadas durante o presente ano do persoal administrativo do servizo de Cemiterios, aboaranse ós traballadores que figuran na relación que se achega e que comezan por don José Luis Hermida Rodríguez e remata por don G. Manuel Rosende Rios, as cantidades que figuran para cada un deles correspondente ao mes de Xuño-2013, e que ascenden a un total de 649'46 € (seiscentos coarenta e nove euros con coarenta e seis céntimos), con cargo á partida presupostaria 922.0.151.00.00-Gratificacións.

**16- GRATIFICACIÓN POR SERVICIOS ESPECIAIS E EXTRAORDINARIOS DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE MARZO E XULLO 2013. EXPTE. 24333/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 29.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Asignar unha gratificación por servizos especiais e extraordinarios correspondente ao período indicado no cadro adxunto, con cargo á partida presupostaria 121.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS, que se aboará na nómina do vindeiro mes, ó persoal dos servizos que a continuación se indican polos conceptos e importes relacionados:

| SERVIZO                          | MES        | Nº HORAS |
|----------------------------------|------------|----------|
| Alcaldía (Condutores)            | Xullo-2013 | 246'00   |
| Extinción de Incendios           | Xullo-2013 | 1.884'00 |
| Extinción de Incendios (oficina) | Xullo-2013 | 20'00    |
| Policia Local (Xulgados)         | Xullo-2013 | 648'00   |
| Policia Local (Horas en exceso)  | Xullo-2013 | 345'50   |
| Inspección Vías e Obras          | Marzo-2013 | 72'00    |
| Parque Móbil                     | Marzo-2013 | 67'15    |
| Ospio                            | Marzo-2013 | 58'00    |
| Montes, Parques e Xardíns        | Marzo-2013 | 121'00   |
| Parque Móbil (Parque Central)    | Marzo-2013 | 84'00    |
| Parque Móbil (Limpeza)           | Marzo-2013 | 27'00    |
| Parque Móbil (Desinfección)      | Marzo-2013 | 19'00    |
| Parque Central                   | Marzo-2013 | 152'00   |
| Vías e Obras                     | Marzo-2013 | 186'00   |
| Limpeza                          | Marzo-2013 | 14'00    |
| Desinfección                     | Marzo-2013 | 100'00   |
| Distritos                        | Marzo-2013 | 4,23     |
| Conserxería                      | Marzo-2013 | 11'00    |
| Cultura                          | Marzo-2013 | 18'00    |

O montante do presente expediente ascende a un total de 40.832,62 €

**17(970).- BASES REITORAS DO FONDO SOCIAL PARA A TRAMITACIÓN DE FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS (ART. 34 DO VIXENTE ACORDO REGULADOR DAS CONDICIÓNS ECONÓMICAS E SOCIAIS DOS TRABALLADORES AO SERVIZO DO CONCELLO DE VIGO). EXPTE.24239/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de fiscalización do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 3.07.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Prestar conformidade á proposta formulada pola Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos, de data 14/05/2013 e, en consecuencia, aprobar as Bases reitoras do dito Fondo, segundo o disposto no art. 34 do vixente acordo regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo.

Segundo.- Notificar o seguinte acordo ao Sr. Presidente da Comisión Xestora do Fondo para fins Culturais e Deportivos.

#### BASES DAS AXUDAS CON FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

##### BASE 1.- BENEFICIARIOS/AS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS E PROCEDIMENTO DE XESTIÓN DAS SOLICITUDES

1.- Poderán solicitar axudas con cargo aos programas contemplados no art. 34 do Acordo Regulador o persoal municipal encadrado no cadro de persoal orzamentaria e o persoal laboral declarado indefinido por resolución xudicial firme. As axudas comprenderán todo tipo de iniciativas ou accións de carácter cultural ou deportivo levados a cabo a individualmente ou en colectivos, sempre en representación do Concello de Vigo e recoñecidas polo mesmo

2.- As solicitudes han de se achegar a documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos establecidos na convocatoria específica, que deberá de entregarse na sede de ditas axudas. Esta acusará recibo formal da mesma e entregarse a/ao solicitante.

3.- O prazo para a presentación de solicitudes figurará en cada unha das convocatorias concretas, deberá indicar a data da súa finalización.

##### BASE 2.- FINALIDADE DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

Ten como finalidade o desenvolvemento de carácter Deportivo e Cultural para o conxunto do persoal municipal.

##### BASE 3.- CONVOCATORIAS DAS AXUDAS PARA FINS CULTURAIS E DEPORTIVOS

As convocatorias do Fondo de axudas para fins culturais e deportivos terá carácter ordinario e co contido que determine a Comisión de Deportes a través das correspondentes bases.

##### BASE 4.- ACHEGA DE DOCUMENTACIÓN

- Impreso de solicitude
- Fotocopia compulsada da factura ou orixinais (non se aceptan recibos, do concepto que motiva a axuda.
- Acreditación do tipo de actividade cultural ou deportiva e de que son desenvoltas en representación do Concello de Vigo.
- No caso de colectivos, sinalar o nome dos membros que o compoñen
- Outras que se consideren imprescindibles para xustificar a axuda.

**BASE 5.- CONDICIÓN XERAIS**

- As axudas comprenderán todo tipo de iniciativas ou accións de carácter cultural ou deportivo, levados a cabo individualmente ou por colectivos, sempre levados a cabo en representación do Concello de Vigo.

**BASE 6.- RESOLUCIÓN DA CONVOCATORIA**

Finalizado o prazo de presentación de solicitudes, a Comisión das axudas para fins culturais e deportivos contabilizará o número de solicitudes e distribución da partida, e determinará a contía que outorgar segundo o número de solicitudes recibidas. Proporalle ao órgano municipal competente a proposta de resolución. Na vez exposto o listado de axudas concedidas hai un prazo de 30 días para as reclamacións.

En relación coa tramitación administrativa, a Comisión das axudas para fins culturais e deportivos remitirá a proposta efectuada, debidamente motivada e xustificada ao Servizo de Recursos Humanos, aos efectos de imputación orzamentaria e contable, previos á preceptiva fiscalización do gasto, necesaria para a aprobación polo órgano municipal competente.

**18(971).- DOMINGOS, FESTIVOS E NOCTURNIDADE DO PERSOAL DOS DISTINTOS SERVIZOS, CORRESPONDENTE AO MES DE XUÑO DE 2013. EXP-TE. 24332/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de fiscalización do 29.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 8.09.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aboar en concepto de gratificación por servizos extraordinarios de domingos, festivos e a xornada nocturna ó persoal que figura nas relacións achegadas segundo a seguinte distribución:

| SERVIZO             | MES   | APELIDOS E NOME   | TOTAL FESTIVAS | TOTAL NOCTURNAS | IMPORTE TOTAL |
|---------------------|-------|---|----------------|-----------------|---------------|
| Alcaldía            | xullo | De Costas Fernández, Basilio a Fontán Balbuena, Camilo  | 598,98         | 201,28          | 800,26        |
| Policia Local       | xullo | De Abalde Casanova, Jesús I. a Villar Silva, Aida       | 38.283,87      | 38.233,68       | 76.517,55     |
| Parque Móbil        | xullo | De Alonso González, Ángel a Troncoso Martínez, Avelino  | 597,98         | 1.079,16        | 1.677,14      |
| Extinción Incendios | xullo | De Alonso Covelo, Vicente a Veiga García, Rubén         | 7.573,68       | 1.637,44        | 9.211,12      |
| Cemiterios          | xullo | De Alfonso Paz, Jesús a Vilanova Acuña, Delmiro         | 1.865,32       | 0,00            | 1.865,32      |
| Montes, Parques e   | xullo | De Casas Iglesias, Alfonso a Pérez Da Silva, Eduardo A. | 402,00         | 0,00            | 402,00        |

|                |       |   |           |           |           |
|----------------|-------|---|-----------|-----------|-----------|
| Xardíns        |       |   |           |           |           |
| Limpeza        | xullo | De Asensio Rodríguez, Adonis a Vila Romero, Nemesio | 0,00      | 1.447,04  | 1.447,04  |
| Parque Central | xullo | De Aira Pereiro, Emilio a Rodríguez Leiros, Alfonso | 924,60    | 758,88    | 1.683,48  |
| Cultura        | xullo | De Vázquez Martínez, Ramón                          | 4,02      | 5,44      | 9,46      |
| Museo          | Xullo | De Ogando López, José M. a González Bello, Andrés   | 355,77    | 0,00      | 355,77    |
| TOTAIS         |       |   | 50.606,21 | 43.362,92 | 93.969,13 |

os importes que en cada caso se indican e que ascenden a un total de 93.969,13 € , con cargo a partida presupostaria 922.0.151.00.00-GRATIFICACIÓNS.

**19(973).- GASTOS DE LOCOMOCIÓN DO PERSOAL MUNICIPAL CORRESPONDENTE AOS MESES DE ABRIL E XULLO 2013. EXPTE. 24361/220.**

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe-proposta de fiscalización do 29.08.13, e de acordo co informe-proposta da xefa do Servizo de Recursos Humanos e polo concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a Xunta de Goberno local acorda:

Aprobar o gasto por un importe de 2.754,74 €, correspondente aos desprazamentos efectuados por persoal municipal no termo municipal de Vigo en concepto de indemnizacións por razón do servizo, acreditada a súa efectiva realización nos expedientes e informes recibidos no Servizo de Recursos Humanos, asinados polos correspondentes xefes/as dos servizos ou Áreas e contan coa conformidade dos Concelleiros/as-delegados/as das Áreas de goberno, segundo a relación contida no cadro subseguinte -que comeza por D. Raimundo Villar Estévez e qremata en D<sup>a</sup>. Beatriz Alonso Asenjo-, imputándose o gasto con cargo á clasificación económica dos vixentes Orzamentos municipais 2312000 -Gastos de Locomoción, correspondente aos períodos que se indica:

| Nº Expte. | Servicio           | Traballador                | DNI          | Nº Persoal | Mes        | Importe  |
|-----------|--------------------|----------------------------|--------------|------------|------------|----------|
| 69477-250 | Vias e obras-OSPIO | Villar Estévez, Raimundo   | 36.012.815-J | 11682      | Xullo 2013 | 299,25 € |
|           |                    | Salgueiro Piñeiro, Benigno | 36.009.349-C | 10694      | Xullo 2013 | 294,69 € |
|           |                    | Barciela Simón, Benito     | 36.008.640-R | 13617      | Xullo 2013 | 252,13 € |
|           |                    | Gómez Pascual, Julio       | 34.901.122-W | 11819      | Xullo 2013 | 140,41 € |
|           |                    | Oujo Gerut, Ventura        | 36.019.537-L | 17740      | Xullo 2013 | 193,61 € |
|           |                    | Matilde Viñas, Eugenio     | 36.000.551-P | 11831      | Xullo 2013 | 300,01 € |

|              |                 |                              |              |       |                 |                   |
|--------------|-----------------|------------------------------|--------------|-------|-----------------|-------------------|
|              |                 | Cobas Rey, Eugenio           | 36.017.739-S | 15467 | Xullo 2013      | 154,47 €          |
| 69515/250    |                 | Berros Pérez, Alfonso        | 32.873.182-H | 78966 | Abril-Xuño 2013 | 360,60 €          |
| 6274-320     | Part. Cidadá    | Gutiérrez Orúe J.Francisco   | 13.894.232-R | 13920 | Xullo 2013      | 28,83 €           |
|              | Conserxería     | Fernández Amil, Fernando     | 36.022.162-E | 13706 | Xullo 2013      | 165,49 €          |
|              |                 | Yáñez Rodríguez, Julio       | 36.031.496-H | 17822 | Xullo 2013      | 272,84 €          |
|              | Cemiterios      | Rodríguez López, Adolfo      | 36.030.284-W | 76430 | Xullo 2013      | 119,32 €          |
| 87424-301    | Benestar Social | Fajín Torres, Yolanda        | 33.297.554-V | 79174 | Maior-Xuño 2013 | 16,53 €           |
|              | Educación       | Codesido Rodríguez, J.Felipe | 36.081.823-K | 19399 | Xullo 2013      | 53,20 €           |
|              |                 | Alonso Asenjo, Beatriz       | 35.991.455-C | 15651 | Xullo 2013      | 103,36 €          |
| <b>TOTAL</b> |                 |                              |              |       |                 | <b>2.754,74 €</b> |

|      | SERVIZO                        | TOTAL             |
|------|--------------------------------|-------------------|
| 1550 | Vías e Obras-O.S.P.I.O.        | 1.995,17 €        |
| 2410 | Participación Cidadá e Emprego | 28,83 €           |
| 9220 | Conserxería                    | 438,33 €          |
| 1640 | Cemiterios                     | 119,32 €          |
| 2310 | Benestar Social                | 16,53 €           |
| 3210 | Educación                      | 156,56 €          |
|      | <b>TOTAL</b>                   | <b>2.754,74 €</b> |

## **20(974).- DAR CONTA DE RESOLUCIÓNS DO CONCELLEIRO-DELEGADO DE XESTIÓN MUNICIPAL:**

### **A) RESOLUCIÓN DE DATA 26/08/2013, DE TRASLADO DO FUNCIONARIO D. JESÚS OTERO QUESADO. EXPTE. 23425/220.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de avaliación e formación de Recursos Humanos, do 26.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*A medio de instancia de data 10 de setembro de 2012, núm. doc. 120103878, expte. 23425/220, presentado no Rexistro Xeral, D. Jesús Otero Quesado, num. persoal 13847, adscrito ao Servizo de Museos, solicita o seu traslado ao Servizo de Bibliotecas, por motivos de saúde.*

*Con data 6 de marzo de 2013, polo Servizo de Prevención de Riscos Laborais, comunícase a este Servizo de Recursos Humanos que en relación as probas de Vixilancia da saúde realizadas ao interesado, foi considerado para o traballo de VIXILANTE XERAL DO MUSEO DE CASTRELOS como APTO CON LIMITACIÓNS, establecéndose que o interesado "non pode exporse a ambiente poeirentos".*

*Realizada consulta ao Servizo de Vixilancia da Saúde sobre a posibilidade de dotar ao traballador dun EPI de protección das vías respiratorias, o 06/03/13 manifestouse a súa NON RECOMENDACIÓN, expoñendo que "su uso no elimina por completo las posibles complicaciones que puedan provocarle al trabajador la exposición al polvo, polen, etc, y por tanto habría que acometer otras actuaciones sobre el puesto de trabajo o bien considerar la reubicación del trabajador", ratificando a aptitude con limitacións do informe de data 19/11/12 na que se desaconsellaba a exposición do traballador a ambientes poeirentos.*

*A referida situación foi comunicada ao propio interesado, quen non estando conforme coa interpretación do contido do informe, mediante escrito presentado no Rexistro Xeral con data 27 de maio de 2013, doc. 130062502, solicita unha nova valoración da súa situación respecto do posto de traballo ocupado.*

*Con data 27 de maio de 2013, foi solicitada nova valoración, constando no expediente informe complementario de data 6 de xuño de 2013, no que dito traballador foi considerado APTO CON LIMITACIÓNS, establecendo que “non pode exporse a ambiente poeirentos e con elevada concentración de polen”.*

*En data 07/08/2013, a técnica de Prevención de Riscos Laborais inflormou que, en relación as probas de Vixiancia da Saude realizadas ao referido traballador, o médico especialista en Medicina do Traballo D. Manuel López Sánchez, colexiado nº 36/00006218/08, en representación da Sociedade de Prevención FREMAP, concluiu que, unha vez aplicados os protocolos médicos, o traballador é considerado APTO para o posto de traballo de subalterno no servizo de Conserxería.*

*O artigo 25.1 da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de Prevención de Riscos Laborais, establece, dentro dos principios da acción preventiva, que o empresario aplicará as medidas que integran o deber xeral de prevención previsto no artigo 14, efectuando a tal fin e se fose oportuno a adaptación do traballo á persoa, en particular no que respecta á concepción dos postos de traballo, así como a elección dos equipos e aos métodos de traballo e de produción (apartado c), substituindo o perigoso polo que entrañe pouco ou ningún perigo (apartado f) e tomando en consideración as capacidades profesionais dos traballadores no momento de encomendarlles tarefas (apartado 2).*

*En consecuencia, procede a adaptación do posto de traballo de vixiante en xeral, ao que está adscrito dito traballador ao referido Servizo, para o desempeño das funcións propias do posto de subalterno no Servizo de Conserxería, segundo as guías de funcións que para dito posto foron aprobadas con carácter definitivo polo Pleno da Corporación na súa sesión de 25 de marzo de 2002, sen prexuízo da mellora da saude do mesmo.*

*Polo exposto anteriormente, vistas as competencias que a normativa vixente en materia de réxime local lle confire á Alcaldía-Presidencia en canto á superior dirección do persoal municipal, contidas no artigo 127 h) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local, e en concreto as que ten atribuídas o concelleiro-delegado de Xestión Municipal por delegación efectuada en Resolución de data 7 de febreiro de 2013 en canto á xefatura directa e inmediata do persoal municipal, así como aquelas competencias que en materia de persoal ten delegadas pola Xunta de Goberno Local, sométese a consideración do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN:*

*“Primeiro.- Adaptar o posto de traballo que ocupa o traballador D. JESÚS OTERO QUESADO, núm. persoal 13847, adscrito ao Servizo de Museos, cód. 014, cód. retributivo 156, e en consecuencia, dispoñer o seu traslado provisional ao Servizo de Conserxería, código 201, onde desenvolverá as funcións propias do posto de subalterno, motivado pola súa declaración de apto con limitacións para o posto de Vixiante xeral de Museos, ao determinarse que o interesado “non pode exporse a ambientes poeirentos”, sen prexuízo da reversibilidade do seu estado de saude.*

*Segundo.- De conformidade co disposto nos artigos 179.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e o artigo 40.3 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, e co obxecto de adecua-las partidas or-*

zamentarias ao cambio funcional antedido, autorízase a transferencia de crédito dun posto de traballo de vixiante en xeral, código retributivo 156, adscrito ao Servizo de Museos, cód. 014, ao Servizo de Conserxería, código 201.

Terceiro.- Dar conta da presente Resolución a Xunta de Goberno Local para o seu coñecemento.

*Notifíquese a presente resolución ao interesado, Xefe do Servizo de Museos, Xefa do Servizo de Recursos Humanos, Xefa da Área de Réxime Interior, Xefa de Subalternos, Negociado de Persoal e Seguridade Social, Intervención Xeral, Técnico de Organización e Planificación de RR.HH e, Comité de Persoal, aos efectos oportunos, significándose que contra a mesma poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de un mes contando dende o seguinte a súa notificación, ou ben recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses contados dende o seguinte ao da notificación do acto administrativo que poña fin a vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción contencioso-Administrativa, sen prexuízo de calquera outro que se estime procedente en Dereito”.*

Na mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

#### B) RESOLUCIÓN DE DATA 14/08/2013 DE CONCESIÓN DE PERMISO NON RETRIBUÍDO AO FUNCIONARIO D. VICENTE ALONSO COVELO. EXPTE. 24359/220.

Dáse conta do informe-proposta da xefa de negociado de Réxime Interior, do 14.08.13, conformado pola xefa do Servizo de Recursos Humanos, que di o seguinte:

*Con data 8 de agosto de 2013, recíbese no Servizo de Recursos Humanos solicitude (doc. 130094171) presentada a través do Rexistro Xeral por D. Vicente Alonso Covelo, con número de persoal 20592, funcionario de carreira, con praza e posto de cabo adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios, no que solicita un permiso non retribuído do 1 ao 31 de outubro de 2013, de conformidade co previsto no Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo:*

*En relación con dita solicitude emítese o seguinte informe:*

- 1º.- A solicitante leva prestando servizos neste concello de forma interrumpida un total de 24 anos, 4 meses.*
- 2º.- O vixente Acordo Regulador das condicións económicas e sociais dos traballadores ao servizo do Concello de Vigo, no seu art. 17.a) contempla o dereito un permiso non retribuído de tres meses como máximo cada dous anos, en períodos mínimos de 15 días.*
- 3º.- Polo Oficial Xefe do Servizo co conforme do Concelleiro da Área, infórmase que non hai inconveniente en acceder a petición formulada.*



*Por isto, considerando as atribucións que en materia de persoal ostenta a Xunta de Goberno Local segundo o art. 127.1.h) da Ley 7/1985 do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, introducido pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de medidas para a Modernización do Goberno Local, e que por delegación efectuada en acordo de data 08/02/2013 corresponden ao Sr. concelleiro-delegado da Area de Xestión Municipal, sométese ao criterio decisorio do mesmo a seguinte proposta de resolución:*

*Primeiro.- Autorizar a D. Vicente Alonso Covelo, con número de persoal 20592, funcionario de carreira, con praza e posto de cabo adscrito ao Servizo de Extinción de Incendios, un permiso non retribuído durante o período comprendido do 1 ao 31 de outubro de 2013 (ámbolos dous incluídos) de conformidade co previsto no art. 17.a) do vixente Acordo regulador das condicións económicas e sociais do persoal ao servizo do Concello de Vigo.*

*Durante a súa duración o interesado permanecerá de alta no réxime xeral da Seguridade Social e computará a efectos de antigüidade, pero non a efectos de vacacións, permiso por asuntos persoais e pagas extraordinarias.*

*Segundo.- Dese conta da presente resolución ao interesado, Sr. Oficial Xefe do Servizo de Extinción de Incendios, Intervención Xeral e Servizo de Recursos Humanos (Técnico de Planificación e Organización, Seguridade Social, Inspector Auxiliar de Persoal) aos efectos oportunos.*

*Terceiro.- Contra a presente resolución poderase interpoñer recurso potestativo de reposición perante o mesmo órgano que o dictou no prazo de 1 mes a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses a contar dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo que poña fin á vía administrativa, nos supostos, termos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.*

Na mesma data o concelleiro delegado da Área de Xestión Municipal resolve de conformidade coa proposta contida no precedente informe.

#### Acordo

A Xunta de Goberno local queda enterada.

### **21(975).- ESCRITO DA SOCIEDADE CONCESIONARIA DO AUDITORIO “MAR DE VIGO” SOLICITANDO O REEQUILIBRIO ECONÓMICO DO CONTRATO – PROPOSTA DESESTIMATORIA DA SOLICITUDE. EXPTE. 1367/110.**

Visto o informe de interventor xeral, do 2.09.13, dáse conta da proposta de acordo do secretario xeral do Pleno, do 2.09.13, conformada polo concelleiro delegado de Seguridade Mobilidade e Xestión Municipal, que di o seguinte:

#### ANTECEDENTES

Mediante acordos de data 23.11.2004 e 14.02.2005 a Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, previa información pública, cumprimentando o sinalado nos artigos 227 e 228 do R.D. Lex. 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos das Administracións Públicas (en adiante, TRLCAP), acordou a aprobación do Estudo de Viabilidade e do Anteproxecto de Construción e Explotación da obra pública do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo, documentos redactados polas mercantís Idom Consulting e UTE Idom-Portela.

O 17.06.2005 o mesmo órgano acordou a aprobación do expediente de contratación, no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares (en adiante, PCAP), de conformidade co sinalado no Anteproxecto, constaba unha inversión de 93.177.280 €, dos que 28.230.280 € correspondían a achegas públicas (Concello de Vigo e Xunta de Galicia), Administracións que tamén asumiron outros custos como o de adquisición do dereito concesional que sobre a parcela tiña no seu día "Cordelerías Mar S.A." (6.100.000 €), aportados na súa integridade, polo Concello de Vigo; os honorarios de redacción dos proxectos construtivos (2.330.720 €) e o importe necesario para a compra da parcela (3.966.316,06 €, dos que 1.556.779,10 € corresponderon o Concello).

Na cláusula 6.3.1 do PCAP consta que o prazo de duración do contrato sería o que resultara da proposición adxudicataria e que este, en ningún caso, excedería de 40 anos sen prexuízo da súa prórroga nos supostos previstos no artigo 248.2 do TRLCAP para o restablecemento do equilibrio económico-financieiro.

Con data de 6.03.2006, instruído o procedemento, sendo o concurso a forma de adxudicación, examinado o informe da Comisión Técnica Paritaria, de conformidade coa proposta da Mesa de Contratación, a Xunta de Goberno Local outorgou o contrato de concesión de obra pública á proposición presentada por Testa Inmuebles S.A. (40%); Caixanova, hoxe NCG Banco S.A. -Novagalicia Banco-, (20%); Puentes Concesiones S.L.(15%); Sacyr S.A.U. (10%); Expacontra S.A. (10%) e Puentes e Calzadas S.A. (5%) que con posterioridade, constituíron "Pazo de Congresos de Vigo S.A.".

Na proposición constaba unha inversión de 85.716.699 € e un prazo de concesión de 35 anos.

En data de 24.07.2006, cumprimentando o sinalado na cláusula 30.1 do PCAP, "Pazo de Congresos de Vigo S.A". presentou Proxecto Básico de construción do Auditorio-Pazo de Congresos e Proxecto Básico da Zona Complementaria documentos que, trala a emisión de informes técnicos, foron aprobados polo órgano de contratación en data 8.10.2006, tales proxectos contemplaban unha inversión de 82.490.720 €, no mesmo acordo se requiría da UTE Idom-Portela e da concesionaria a presentación do proxecto de execución referido o conxunto arquitectónico.

O 16.07.2007 preséntase proxecto de execución redactado pola UTE Idom-Portela no que constaba un importe de 151.338.119 € (58,2 M de € mais do previsto pola mesma UTE no Anteproxecto dous anos antes), no mesmo escrito a concesionaria advertiu do seu desacordo co proxecto e co seu orzamento, pois os redactores elaborárono prescindindo das características recollidas na súa oferta.

Non consta que o proxecto de execución fora aprobado por órgano competente, ó contrario, segundo proposta do xefe da Área de Contratación de data 29.02.2008, funcionarios municipais e técnicos proxectistas procederon o seu estudo co obxecto de minorar o seu importe mediante axustes no mobiliario, nos materiais e na redución das superficies das zonas complementarias o que posibilitou fixar o importe nunha cantidade próxima os 120.000.000 €.

*A diferenza coa proposta presentada mantíñase substancial persistindo a desconformidade da concesionaria polo que proseguiron as conversas centradas na análise da facultade prevista no artigo 250.1 do TRLCAP ó obxecto de acordar unha modificación da obra pública.*

*Neste escenario, en data de 27.02.2008, "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", presentou escrito interesando a correspondente autorización para a modificación da obra, así mesmo, á vista da diminución das superficies de explotación comercial que figuraban na "proposta técnica", instou, ao amparo do previsto no artigo 248.2 do TRLCAP, o reequilibrio económico-financeiro do contrato, previsión tamén mencionada na cláusula 61.2 do PCAP. O escrito acompañouse dos seguintes anexos: (i) "proposta técnica"; (ii) viabilidade legal da solución; (iii) conformidade da UTE proxectista con tal solución técnica e (iv) avance do Plan Económico-Financeiro da explotación (PEF), no que xa se advertía da necesidade de prorrogar o prazo de concesión en 25 anos e dunha subvención pública de capital na fase de explotación de 5.003.892 €.*

*Na denominada "proposta técnica" detallábanse as características construtivas que constarían no definitivo proxecto de execución da obra pública ó obxecto de posibilitar a súa viabilidade económica. Neste sentido indicouse que tales características respectaban a solución arquitectónica do Anteprojecto e do proxecto básico así como a funcionalidade da denominada "zona pública", dado que as reducións de superficie se localizaban na planta de soto, na altura do edificio-redución de 13 metros- e na diminución doutras superficies comerciais.*

*En data de 31.03.2008, elaborada proposta de resolución pola Xefatura da Área de Contratación e Novos Proxectos, trala emisión de informe de legalidade emitido polo entón titular da Asesoría Xurídica, a Xunta de Goberno Local, apreciando a existencia de razóns de interese público para modificar a obra acorda: "(...) Autorizar á sociedade concesionaria a modificación da obra pública do conxunto arquitectónico do Auditorio-Pazo de Congresos de Vigo conforme os criterios recollidos na proposta técnica achegada á solicitude presentada en data de 27.02.2008 (...)", así mesmo outorgouse á concesionaria un prazo de dous meses para a presentación dun novo proxecto básico no que a capacidade da Sala Principal fora idéntica á que constaba no Anteprojecto, 1.450 espectadores. En definitiva, considerando que poderían existir no seu día causas que xustificaran un equilibrio económico-financeiro, se instou a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." á elaboración dun novo PEF.*

*En data de 7.07.2008, a Xunta de Goberno Local aprobou o proxecto básico da obra pública modificada redactado pola UTE Idom-Portela que contemplaba, entre outras, unha superficie de uso comercial de 5.858 m<sup>2</sup>; un uso de oficinas de 4.641 m<sup>2</sup>; outro hoteleiro de 7.718 m<sup>2</sup>; un Auditorio con capacidade para 1.500 espectadores, e un importe de execución de 79.343.999 €.*

*O 16.09.2008, a Xunta de Goberno Local toma en consideración e presta aprobación provisional o PEF 2008 supeditando os seus efectos, a súa eficacia, e o inicio da tramitación da súa aprobación definitiva ó día seguinte ó da data da sinatura da Acta de Recepción das obras construtivas, é dicir, cando se concretara a inversión realizada. No mesmo acordo se advertiu que en tal tramitación, previa acreditación da sociedade concesionaria, estableceríanse as medidas a adoptar en corrección dos desequilibrios na explotación como consecuencia da redución das superficies da "zona complementaria".*

*En data de 15.12.2010, formalizada a acta de recepción provisional das obras onde consta unha inversión de 85.463.700,67 €, IVE engadido, a concesionaria presenta o PEF 2010 adaptado á realidade da obra pública feita, neste documento, entre outras cuestións, entendeuse necesario unha subvención de capital de 5.003.892 € e a ampliación ata 60 anos do prazo concesional.*

*O xefe da Área de Contratación deu traslado da documentación recibida a Idom Consulting na súa condición de empresa asesora municipal para a construción e explotación do Auditorio-Pazo*

de Congresos. Idom Consulting, mediante estudo de data de 16.05.2011, tras análise pormenorizado, conclúe entendendo que existen razóns suficientes para apreciar a existencia dun desequilibrio económico-financeiro -art. 248.2 TRLCAP- polo que emite informe favorable o PEF 2010 tanto no que se refire á subvención de capital (5.003.892 €) coma ao incremento do prazo concesional (ata os 60 anos). A mesma conclusión alcanza o xefe da Área de Inversións en informe do 24.08.2011. A aprobación da Acta de Comprobación Parcial das obras (expediente 605/410) foi acordada polo órgano de contratación en sesión de data 18.03.2011.

Non obstante o anterior, en data de 27.10.2011 "Pazo de Congresos de Vigo S.A." presenta escrito solicitando a resolución do contrato alegando excesivo atraso na aprobación do PEF 2010. En data 11.11.2011 a Xunta de Goberno Local desestima a solicitude, o acordo foi recorrido en vía administrativa o 1.12.2011 denegándose por silencio, contra o acto presunto a concesionaria ten interposto recurso contencioso-administrativo que se substancia ante o Xulgado nº 1 de Vigo no procedemento ordinario 93/2012.

Con data de 4.11.2011, á vista dos informes emitidos, o xefe da Área de Contratación formula á Xunta de Goberno Local proposta para a aprobación definitiva do Plan Económico-Financeiro do contrato (PEF 2010), así como as medidas nel previstas para o restablecemento do equilibrio -art.248.2 TRLCAP-, consistentes no outorgamento dunha achega de capital na contía de 5.000.000 € e no inicio da tramitación dun expediente de modificación do contrato de concesión que tivera por obxecto a ampliación do prazo da concesión ata os 60 anos. No expediente, constan informes de adecuación á legalidade da Secretaría Xeral do Pleno de data 19.01.2012 e de fiscalización da Intervención Xeral de data 23.06.2012.

De conformidade coa proposta formulada, vistos informes favorables emitidos, considerando a existencia de razóns fundadas de interese público, a Xunta de Goberno Local, en data 6.07.2012, aproba o PEF 2010 e restablece o equilibrio económico-financeiro da concesión -subvención de 5.000.000 de euros-, mais tarde, en sesión de data 22.10.2012, o mesmo órgano acorda prorrogar o prazo de concesión, desde os 35 anos que constaban na proposta presentada ata o prazo máximo previsto na lexislación aplicable, 60 anos.

A pesares da aprobación acadada e da satisfacción extraprocesual obtida no que se refire á aprobación do PEF 2010, "Pazo de Congresos de Vigo S.A." o día de hoxe non ten desistido do seu recurso contencioso-administrativo no procedemento ordinario 93/2012.

## II

En data de 29.11.2012 a concesionaria, presenta escrito instando do Concello de Vigo o abono 3.892 € correspondentes á diferenza da achega prevista no PEF 2010 -5.003.892 €- e a recoñecida, 5.000.000 €, así como o abono dos intereses de demora percibidos polos 5.003.892 € o entender que esta cantidade debeu ser aboada no prazo dos tres meses seguintes á data da Acta de Comprobación das obras, é dicir, con anterioridade ó 17.06.2011. En data 15.02.2013 a Xunta de Goberno Local, desestima a petición. Contra este acordo "Pazo de Congresos de Vigo S.A." ten interposto recurso contencioso-administrativo que se substancia ante o Xulgado nº 1 do contencioso-administrativo de Vigo no procedemento ordinario 109/2013.

## III

En data de 27.06.2013, rexistro de entrada número 130075703, "Pazo de Congresos de Vigo S.A." presenta escrito no que, entre outros aspectos, di:

"(...) Que as previsións económico financeiras da concesión se teñen incumprido practicamente na súa totalidade dada a imposibilidade de levar a cabo o arrendamento da maioría dos locais comerciais e, nos casos de espazos que teñen sido arrendados, polo continuo non pagamento das rendas por parte dos arrendatarios, o que ten levado a procesos reiterados de desafiuzo-

mentos dos mesmos, o que se traduce, en definitiva, nunha situación de practicamente nula obtención de ingresos polo concesionario e nula demanda ou ocupación do Pazo de Congressos e das súas instalacións e locais comerciais. Esta situación implica que Pazo de Congressos de Vigo S.A. non percibe na actualidade os ingresos necesarios para garantir a viabilidade da concesión nin para facer fronte as súas obrigas económico e financeiras, en especial as comprometidias para financiar as obras de construción do Pazo de Congressos.

Que a situación descrita ven motivada pola concorrencia de circunstancias totalmente alleas á vontade de Pazo de Congressos de Vigo S.A., e imprevisibles no momento da formalización do contrato, orixinadas ben pola inactividade da Administración concedente no cumprimento dos seus compromisos de acondicionamento e rexeneración urbanística da zona na que asenta a concesión, ben pola extraordinaria amplitude da crise económica que afecta o noso país.

Que a situación exposta e as circunstancias que a teñen provocado xustifican que o Concello de Vigo proceda a adoptar as medidas necesarias para proceder ao reequilibrio económico-financieiro da concesión (...).

Tras relato pormenorizado dos distintos avatares acaecidos na explotación do "Complejo" "Pazo de Congressos de Vigo S.A." sinala que, "a pesares dos inxentes esforzos realizados" e a pesares da, "intensa labor de comercialización" das oficinas e locais da zona complementaria non ten sido posible alugar ningún deles, a excepción do Restaurante e do Hotel (agora baleiro o primeiro e con unha próxima data de abandono o segundo), sendo a renda obtida pola comercialización do resto dos espazos comerciais -zona complementaria- igual a 0,00 €. Advirte o concesionario que no PEF 2010 as previsións de comercialización das oficinas do Complexo imaxinaban unha renda mensual para 2011 de 13,11 €/m2/mes; as do local comercial adxunto ao Auditorio (3.561 m2) de 6,56 €/m2/mes; as do restaurante (907,67 m2) de 15,41 €/m2/mes; as do local comercial anexo o hotel (451 m2) de 15,41 €/m2/mes, entre outras.

No que se refire ao Hotel "Pazo de Congressos de Vigo S.A." comunica que tal instalación foi arrendada co pago dunha renda de 4.000 €/habitación/ano, pero que no mes de abril de 2012 viuse obrigada a iniciar un procedemento de desafuzamento que concluíu mediante a sinatura dun acordo polo que a sociedade arrendataria comprometeuse o pago das cantidades debidas. Que non obstante o anterior, desde o mes de setembro de 2012 tan só se ten percibido a renda correspondente a dito mes, razón pola cal no seu día iniciouse un novo procedemento de desafuzamento que ten obtido sentenza favorable o día 23.04.2013 aprazándose o lanzamento mediante Auto do Xulgado do mes de maio ata o próximo 1.10.2013.

Entende a sociedade adxudicataria que a actual situación, o desincentivo dos potenciais arrendatarios, ven provocada pola chegada de "riscos imprevisibles" que, o seu xuízo, ocasionan a inviabilidade da concesión e que se materializan en:

(i) Inactividade da Administración concedente que non ten procedido ao cumprimento dos compromisos urbanísticos de acondicionamento do "entorno" da concesión, compromisos que tiña asumidos no momento no que a concesión foi adxudicada, páx. 22.

(ii) Grande magnitude da crise económica, de todo punto imprevisible no momento no que foi elaborada a oferta do agora concesionario, e inclusive no momento en que foi elaborado Plan de Viabilidade da concesión pola Administración, páx. 22.

#### IV

Respecto da primeira aseveración "Pazo de Congressos de Vigo S.A." manifesta que o Concello ten ignorado as súas propias previsións para o desenvolvemento dos ámbitos adxacentes ao Complexo recollidas tanto no Estudo de Viabilidade como no Plan Xeral de Ordenación Muni-

pal de Vigo -PXOM 2008-, documento que observa unha nova área de solo urbano non consolidado, a denominada APR-A-4-04 Beiramar, concibíndoa como unha actuación estratéxica, de iniciativa pública (sistema de cooperación), que ademais de ter unha ordenación detallada considera para o ámbito un uso global residencial que permite a integración da cidade e do porto. Menciona tamén o ámbito AOP 21, Cordelerías Mar, contiguo ao Complexo e de igual cualificación residencial. Cita o artigo 27 (Ordenanza 9, Beiramar), do vixente Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo que anticipa no seu apartado 4. (sistema viario) a construción dun “paso inferior” que transcorra baixo o sistema xeral viario da Ordenanza nas inmediacións do edificio “Casa Mar”. Conclúe sinalando que tales desenvolvementos urbanísticos dotarían ó Auditorio dun entorno propicio e adecuado para a realización das actividades que lle son propias, entorno que, a día de hoxe, segundo o seu entender, se encontra degradado, sen iluminación, sucio e convertido nun importante foco de actividades ilegais, supoñendo iso un desincentivo para os potenciais clientes.

“Pazo de Congresos de Vigo S.A.” considera que dada a iniciativa pública do desenvolvemento urbanístico advertida na APR-A-4-04 é o Concello de Vigo quen, ao amparo do sinalado no artigo 134 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante, LOUGA), debe redactar e aprobar para ese ámbito os instrumentos de xestión precisos, isto é, o proxecto de reparcelación e o proxecto de urbanización e levar a cabo as obras de urbanización baixo o seu orde e control, feitos, continua, que non se teñen producido ni tan sequera nos seus trámites mais preliminares (páx. 15).

“Pazo de Congresos de Vigo S.A.” entende que no escenario actual, co mantemento de usos industriais incompatibles, coa inactividade e a renuncia do desenvolvemento urbanístico municipal, o Concello de Vigo, ademais de ignorar as súas predicións en materia de planeamento, incumpre as obrigas que lle corresponden e posibilita impactos negativos e inclusive reprobables no social en relación coa actividade prevista no Complexo, circunstancias alleas á vontade e dilixencia do contratista, que deben considerarse como sobrevidas e imprevisibles “(...) pois non era previsible que o Concello non actuara sobre as áreas limítrofes e esta falta de actuación ten-se producido de forma sobrevida (...)”, páx. 32, impedindo iso a rendibilidade e posta en valor dos espazos comerciais e, en consecuencia, o bo fin da concesión.

#### V

Respecto da segunda aserción -grande magnitude da crise económica- o concesionario considera que esta circunstancia externa ó contrato e co orixe na grave situación económica que atravesa España, comeza no ano 2008, ano no que se inicia a construción do Pazo-Auditorio, e tamén provoca unha ruptura do equilibrio económico financeiro da concesión.

Neste sentido “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” manifesta que cando se elaborou no ano 2005 o Plan de Viabilidade (sic)<sup>1</sup> e mais tarde, no ano 2008, o PEF provisional era “absolutamente imprevisible”, á vista dos datos das magnitudes económicas desas datas (desemprego; PIB e consumo), que a situación económica do noso país dera o cambio radical que ten dado (páx. 18).

#### VI

No procedemento consta Resolución do Concelleiro Delegado de Industria, Turismo, Cultura e Festas de data 9.07.2013 nomeando instrutor do mesmo ao secretario xeral do Pleno.

#### VII

Mediante escrito de data 15.07.2013, recibido polo destinatario o 17 do mesmo mes, o órgano instrutor requiriu a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” ao obxecto de que xustificara as xestións levadas a cabo para o aluguer dos espazos comerciais existentes na zona complementaria do

---

1 O “Estudo de Viabilidade”, denominado polo concesionario “Plan de Viabilidade”, obtivo a súa aprobación en data de 23.11.2004.

Complexo e informara á Administración municipal do persoal existente na empresa dedicado a tales fins. Mediante escrito de data 24.07.2013 recibido o día 30, "Pazo de Congresos de Vigo S.A." sinala que ao amparo do previsto na cláusula 49 do PCAP, a explotación da zona pública realízase a través da mercantil "Congrevigo S.L." en virtude de contrato de arrendamento subscrito para tales fins. Respecto da "zona complementaria" advirte que a súa explotación realízase polo propio concesionario mediante o apoio dos equipos comerciais e loxísticos do seu principal accionista, a mercantil "Testa Inmuebles S.A.", unha das principais empresas dedicadas a este fin en España. "Pazo de Congresos de Vigo S.A." conclúe sinalando que, en virtude do anterior, non ten sido necesario contratar persoal propio nos derradeiros dous anos, estratexia que ten axudado a manter axustados os custes ordinarios polo que non se teñen presentados documentos TC-2. Polo que se refire á documentación relativa ás operacións de comercialización levadas a cabo a concesionaria transcribe o sinalado no seu escrito de solicitude de reequilibrio económico (contactos con distintos operadores para os diferentes espazos), aclara que o soporte documental das actividades realizadas é moi dispar: e-mails, correos, información comercial subministrada, chamadas telefónicas, visitas ós locais, documentos de traballo, etc ..., polo que tendo en conta a confidencialidade aplicable á parte da información dispoñible, indica que adxunta a documentación que ten contido formal, é dicir, a relativa ós contratos asinados e ás ofertas firmes presentadas por empresas que mostraron interese no aluguer dos espazos dispoñibles. O certo é que os documentos das denominadas "ofertas firmes", a pesares do que se sinala no escrito, non se achegan.

#### VIII

Non figuran no procedemento, nin son tidos en conta na proposta de acordo que se formula, feitos ou alegacións distintas das aducidas por "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", artigo 84.4 Lei 30/1992.

#### FUNDAMENTOS DE DEREITO

INICIAL: Non tendo transcorrido doce meses dende a data na que o Concello de Vigo recoñeceu un determinado desequilibrio económico-financeiro na concesión satisfacendo por iso unha subvención de capital de 5.000.000 de € e modificando o prazo concesional de 35 a 60 anos, "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", sen conformismo, invoca a existencia dun novo desequilibrio co fin de procurar, das sempre exiguas arcas municipais, fondos adicionais para viabilizar a rendibilidade do proxecto, "achegas que deben prolongarse mentres as circunstancias externas adversas persistan" (páx. 31) e que se materializan, "na modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato, para incorporar unha obriga da Administración concedente de realizar achegas monetarias ao concesionario que cubran o importe mínimo de ingresos que permitan a viabilidade da concesión" (páx.38)

Urxe reiterar que os fundamentos do escrito remitido son os sintetizados nos antecedentes, é dicir, a existencia de "riscos imprevisibles" concretados en:

(i) Inactividade da Administración no desenvolvemento urbanístico do "entorno" no que se localiza o Pazo de Congresos, circunstancia que, a xuízo da concesionaria, imposibilita a actividade comercial prevista e,

(ii) Na prolongada e profunda crise económica que afecta a España.

A cláusula 61 do PCAP, lei do contrato e de aplicación preferente, transcribindo o previsto no artigo 233.1.d), in fine, do TRLCAP refírese o equilibrio económico-financeiro da concesión e os ingresos procedentes da explotación das instalacións comerciais existentes no Complexo, no seu apartado 3. (a) indica: "(...) non procederá o restablecemento do equilibrio económico-financeiro: No caso de que a súa ruptura se deba á diminución dos beneficios derivados da explotación da zona complementaria por debaixo do albor mínimo previsto neste Prego (...)". En simi-

lar sentido se pronuncia a cláusula 59.3: "(...) No caso de que os beneficios derivados da explotación da zona comercial non acadaren o límite mínimo previsto no presente PCAP, o concesionario non terá dereito á revisión das condicións do contrato ... con base no desequilibrio económico-financiero coma consecuencia de dita falla de ingresos (...)"

O PCAP é terminante e preciso, a minoración de ingresos (cando estes teñan orixe na explotación da "zona complementaria") queda excluída como causa para o mantemento do equilibrio económico-financiero contractual, razón bastante para rexeitar, de plano e sen maiores reparos, a pretensión formulada pois coma se ten exposto é a ausencia desta categoría de ingresos (xustificada en feitos sobrevidos e imprevisibles que, coma de seguido expoñerase, tampouco existen) a que anima a "Pazo de Congressos de Vigo S.A." a presentar a súa solicitude de compensación. Non se pode falar dunha suposta situación sobrevida/imprevisible cando esta, ou as súas consecuencias, se atopa anticipada no PCAP, tamén na Lei.

Sen prexuízo do anterior, a maior abundancia, dada a transcendencia do contrato, se expoñen os seguintes fundamentos:

#### PRIMEIRO: Risco e Ventura

O contrato de concesión de obra pública lle é aplicable, *ratione temporis*, o TRLCAP que regula o equilibrio económico desta tipoloxía contractual no seu artigo 248 advertindo:

"1. O contrato de concesión de obras públicas deberá manter o seu equilibrio económico nos termos que foron considerados para súa adxudicación, tendo en conta o interese xeral e o interese do concesionario, de conformidade co disposto no apartado seguinte.

2. A Administración restablecerá o equilibrio económico do contrato, en beneficio da parte que corresponda, nos seguintes supostos:

a) Cando a Administración modifique, por razóns de interese público, as condicións de explotación da obra.

b) Cando causas de forza maior ou actuacións da Administración determinaran de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión. Serán causas de forza maior as enumeradas no artigo 144 desta lei.

c) Cando se produzan os supostos establecidos no propio contrato para súa revisión, de acordo co previsto nos artigos 230.1.e) e 233.1.d) desta lei".

En similar sentido pronúnciase a cláusula 61.2 do PCAP e o artigo 258 da actual LCSP.

Obsérvase que os supostos que poden dar lugar o reequilibrio económico contractual (*ius variandi*, forza maior, *factum principis* e os establecidos no contrato -revisión pactada-) encóntranse determinados, mellor dito, "taxados", que é o término que emprega a Exposición de Motivos da Lei 13/2003, constituíndo todos eles un *numerus clausus*, non atopándose entre os citados o "risco imprevisible" (teoría da imprevisión), concepto análogo á cláusula *rebus sic stantibus* (alteración das circunstancias entre o momento da perfección do contrato e o de consumación) invocada polo concesionario con citas doutriniais e xurisprudencia do Tribunal Supremo, en especial a STS 3125/2011 de 16.05.2011; así mesmo tal concepto, o "risco imprevisible" (a pesares do que en sentido contrario manifesta "Pazo de Congressos de Vigo S.A.", páx. 35 *in fine*) non consta nin mencionado nin inferido no PCAP que rexe na concesión razón pola que tamén desde esta perspectiva a solicitude ten que ser desestimada ao non resultar de aplicación o artigo 127.2.2ª.b) do insubstituíble Regulamento de Servizos das Corporacións Locais, aprobado por Decreto 17 de xuño de 1955, invocado pola concesionaria e alusivo a concesións para a xestión de servizos públicos pois estamos, como é obvio, ante un contrato de concesión que non é de servizos, senón de obra pública, que ten un réxime xurídico definido, completo e acabado no TRLCAP e que se caracteriza, entre outros aspectos, pola participación privada na inversión a realizar e pola explotación que da obra e das zonas complementarias realiza o concesionario na



*hipótese de que o empresario particular é mais apto que a Administración para xerenciar un proxecto económico destas características.*

*Fora dos supostos mencionados no art. 248 do TRLCAP entra en xogo o principio de “risco e ventura”, (neste caso referido á inexistencia da demanda de uso) razón de ser do contrato segundo a Exposición de Motivos da Lei 13/2003, de 23 de maio, que introduciu no noso ordenamento xurídico, no TRLCAP, o contrato de concesión de obra pública, lembremos: “(...) Reviste importancia capital, para que a concesión da obra pública conserve súas sinais de identidade e poda ser recoñecida como tal, que o concesionario asuma o risco da súa ... explotación ... Debe destacarse ... que a asunción do risco en proporción substancial polo concesionario resulta determinante para que o contrato de concesión mereza tal cualificación (...)”.*

#### *SEGUNDO: A Cláusula rebus*

*Aínda que a xurisprudencia, o igual que o noso dereito positivo<sup>1</sup>, por razóns de certeza xurídica, non é favorable a teoría do “risco imprevisible” (teoría da imprevisión) e insiste unha e outra vez na teses da intanxibilidade, “lex contractus”, e no principio de “pacta sunt servanda”, máxime nos contratos administrativos onde impera a aleatoriedade (risco e ventura), non é menos certo que nos contratos de longa permanencia e de tracto sucesivo, en aplicación tanxencial do sinalado nos artigos 3.2 (principio de equidade) e 7.1 (boa fe) do Código Civil, a ten observado (SS.-TS de 14.12.1940; 30.06.1948; 21.03.2003 e 25.01.2007 entre moitas outras), agora ben, con cautela, con prudencia, con carácter modificativo, non extintivo, e sempre e cando concorran determinados requisitos que, seguindo a xurisprudencia e a doutrina, pódense sintetizar nos seguintes:*

*(i) Alteración extraordinaria das circunstancias. Isto é, o acaecemento dun cambio radical e imprevisible da base fáctica do contrato, extraordinario, “fora da orden ou regra natural o común” (RAE), de modo que as circunstancias de feito nas que se perfeccionou se ven substituídas por outras que difiren daquelas, de tal maneira que, de ter coñecido as partes as novas condicións, non haberían perfeccionado o vínculo nos termos nos que o fixeron.*

*(ii) Que a alteración de circunstancias teña unha incidencia sobre a economía do contrato que exceda “os límites razoables de aleatoriedade que todo contrato de tracto sucesivo leva consigo” (Ditames do Consello de Estado números 50.293, 50.295 e 50.299, e STS de 24.04.1985) e produza un efecto “patolóxico e desmesurado”, “unha quebra total e absoluta do sinalama establecido” (Ditame número 1.075/2001, de 26.07.2001).*

*(iii) Desproporción exorbitante das prestacións: É necesario que a alteración extraordinaria das circunstancias que constitúen a base do negocio xurídico supoña una ruptura total dos termos de reciprocidade e equivalencia entre as prestacións nos que o contrato se perfeccionou, de modo que esta harmonía quede reducida á mínima expresión.*

*(iv) Carencia doutro modo de reequilibrio. A cláusula rebus é unha institución residual, subsidiaria, polo que só se aplicará en defecto de pacto expreso das partes, de modo que cando estas, no uso da autonomía de súa vontade, teñan determinado un medio específico para corrixir as desigualdades sobrevidas entre as prestacións, ou teñan renunciado de modo expreso a este reequilibrio, non poderán someterse ao mandato da cláusula. A xurisprudencia é*

---

<sup>1</sup> A Compilación do Dereito Civil Foral de Navarra (Lei 1/1973, de 1 de marzo) é unha excepción, o parágrafo terceiro da Lei 493 de dito texto normativo indica: “Cuando se trate de obligaciones de largo plazo o de tracto sucesivo, y durante el tiempo de cumplimiento se altere fundamental y gravemente el contenido económico de la obligación o la proporcionalidad entre las prestaciones, por haber sobrevenido circunstancias imprevistas que hagan extraordinariamente onerosos el cumplimiento para una de las partes, podrá ésta solicitar la revisión judicial para que se modifique la obligación en términos de equidad o se declare su resolución”.

unánime, (SSTS 19.06.1996, RJ\1996\5102 e 10.02.1997, RJ\1997\665, tamén 20.11.2009 e 21.02.2012).

(v) Carencia de culpa e presenza de boa fe por parte de quen a alega.

Os únicos efectos de entrar no fondo xurídico da cuestión plantexada, é dicir, admitindo unha interpretación extensiva e ampla (favorable a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”) no sentido de entender que a “teoría da imprevisión” -a pesares do exposto de xeito expreso no artigo 248 do TRLCAP- pode ser aplicable o contrato de concesión de obra pública, cumpre avaliar se existen os requisitos doutriniais e xurisprudenciais citados.

TERCEIRO: O Estudo de Viabilidade

“Pazo de Congresos de Vigo S.A.” indica que o Estudo de Viabilidade aprobado en sede municipal e posto no seu día a disposición dos licitadores liga a sorte do Pazo-Auditorio o desenvolvemento urbanístico do “entorno” pois, “(...) este documento resalta a importancia da rexeneración urbanística da área para o bo fin do proxecto (...)”, páx.12.

Nada mais lonxe da realidade.

O Estudo de Viabilidade no apartado B.2.3. indica: “ (...) Un terceiro factor a ter en conta é que a construción do Pazo de Congresos na Avenida de Beiramar pode producir un importante efecto de rexeneración urbanística na zona actualmente ocupada por empresas industriais ... O impacto da actuación por tanto transcende ao ámbito específico formado polos soares con potencialidade de ser recuperados ... Por iso, ao igual que o ocorrido noutras cidades ..., o Pazo de Congresos podería converterse nun elemento tractor doutras actividades e de rexeneración dun importante espazo para a cidade ...(...)”.

Pola a súa parte o apartado B.3.3.6. sinala: “(...) Como se mencionaba ..., a operación da construción do Pazo suporá o inicio dun proceso de transformación de Beiramar, ... coa previsión de recualificación de todo o entorno e o traslado das industrias frigoríficas existentes ao ... Parque Tecnolóxico de Valadares e a xeración de novo solo residencial (...)”

A estratexia é que o desenvolvemento urbanístico do “entorno” no que se localiza o Auditorio teña o seu primeiro impulso -o seu “elemento tractor” segundo palabras do Estudo- na construción desta dotación. Non é o Complexo quen depende do impulso urbanístico do “entorno” (que é o que, ata a saciedade, reitera a concesionaria), é o “entorno” quen se subordina á existencia da dotación.

Non é certo que o Estudo de Viabilidade resalte que, “para o bo fin do proxecto sexa imprescindible a rexeneración urbanística da área” (páx.12); non é certo que, “o Concello de Vigo tivera asumidos compromisos de acondicionamento no momento no que a concesión foi outorgada” (páx. 31); tampouco é certo que, “ A día de hoxe, a necesaria rexeneración do contorno do Pazo de Congresos, que se prevé ... no Estudo de Viabilidade da concesión ... non se ten levado a cabo polo Concello de Vigo” (páx. 31).

O Estudo de Viabilidade nin resalta como imprescindible para a aptitude do Pazo-Auditorio a rexeneración urbanística, nin prevé a mesma coma necesaria, nin asumiu compromisos respecto do seu acondicionamento. Non se debe realizar unha lectura inxusta do literal do documento. O Estudo utiliza o verbo “poder” na súa acepción modal que denota “posibilidade” ou “probabilidade”, neste sentido o Estudo advirte, unha e outra vez, da posibilidade/probabilidade de que a construción do Auditorio coaduxe a rexenerar a zona na que se localiza, o “entorno”. Iso é todo, iso é o que coñecían os licitadores, e iso é o que coñecía “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”.

*De conformidade co sinalado no artigo 227 do TRLCAP o Estudo de Viabilidade do expediente administrativo de contratación tivo un único obxectivo: realizar unha proposta xeral da idea de construír un Auditorio, para iso xustificou, entre outros aspectos, a súa conveniencia para a Cidade; a previsión da demanda do seu uso; o custo aproximado da inversión a realizar, así como o seu sistema de financiamento. Con tales fins propuxo unha solución que cumpría os obxectivos definidos na proposta inicial e estableceu a posibilidade do seu desenvolvemento, da súa execución e de seu éxito tanto en termos técnicos como en termos legais e económicos (recursos dispoñibles).*

*Se “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” entende agora que a definición das características esenciais da obra ou as previsións de demanda e rendibilidade da concesión apuntadas no Estudo non eran correctas non debeu, no seu día, presentarse á licitación. En efecto, a existencia do Estudo de Viabilidade non exime aos licitadores interesados de realizar os seus propios cálculos, as súas propias previsións de demanda (máxime cando a inversión prevista é de elevada contía) tampouco significa que a Administración garanta a obtención de beneficios pois, seguindo a reflexión do TS na elocuente sentenza de data 30.12.1999, a obra pública se explota a risco (continxencia o proximidade dun dano) e ventura (palabra que explica que unha cousa se expón a continxencia de que suceda mal ou ben) do concesionario. En similar sentido as sentenzas de 14.05.2001 e 22.11.2001. En definitiva, é o contratista quen asume o risco de obter unha ganancia maior ou menor (ou incluso perder) cando os seus cálculos son incorrectos ou non responden as continxencias sobrevidas (ausencia de demanda), STS de 30 de abril de 1999.*

*É mais, a pesares de que o concesionario advirta que non se teñen cumprido as previsións de demanda sinaladas tanto no PEF como no Estudo de Viabilidade o certo é que o PCAP, na cláusula 66 relativa á “Asunción de riscos”, no apartado c), sinala: “(...) A sociedade concesionaria asume: O risco e ventura da demanda de uso, sen que poda reclamarse do Concello de Vigo ningunha compensación polo feito de a evolución real da mesma difira do previsto na súa proposición. O Concello non outorga ningunha garantía en relación co contido das previsións de demanda incluídas no Estudo de Viabilidade (...)”.*

*Os términos do PCAP son outra vez concretos e precisos, non admiten interpretación -in claris non fit interpretatio-, non pode propoñerse dúbida ningunha, o risco e ventura recae sobre o contratista e lle obriga a estar e pasar, tamén a soportar, as continxencias económicas que hoxe afectan á explotación da obra realizada. Non existe unha alteración extraordinaria das circunstancias. “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” (que aceptou coa súa proposición o previsto no PCAP e que considerou, coa presentación da mesma, a viabilidade económica do contrato concesional) ten renunciado o equilibrio no suposto de que a ausencia deste sexa froito da carencia de demanda dos potenciais usuarios, un escenario que, no uso da autonomía da vontade (artigo 1254 Cód.Civ.), foi libre, foi pactado, foi convidado, polo que tampouco dende esta perspectiva se verifican os requisitos xurisprudenciais e doutriniais da cláusula rebus (subsidiariedade).*

**CUARTO: O PXOM 2008**

*“(...) O Concello de Vigo incumpre as obrigas legais que lle incumben, en concreto, as previstas no Plan Xeral de Ordenación Urbanística respecto da transformación urbanística da Área na que o Pazo-Auditorio se localiza (...)” (páx. 15).“(...) Non era previsible que o Concello non actuara [urbanisticamente] sobre as áreas limítrofes e esta falta de actuación se ten producido de forma sobrevida (...)”, (páx. 32).*

*Falar de incumprimento municipal resulta desproporcionado. O Concello de Vigo, coa aprobación do PXOM, observou a estratexia prevista no Estudo de Viabilidade, tamén ten executado, como se vai expoñer, as previsións do PXOM.*

*En efecto, a pesares de que nesa afastada data -ano 2004- o agora vixente PXOM non era mais que un documento de inicio, unha hipóteses, un mero Avance (art. 84 LOUGA), tal Avance tras múltiples de trámites, despois de complexos estudos e informes, tras a perseveranza dos funcionarios municipais, do equipo redactor e do goberno municipal, converteuse nun documento apto para a súa aprobación definitiva que foi acadada por ordes da conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia de 16 de maio de 2008 e de 13 de xullo de 2009 (DOG de 03.06.2008 e DOG 24.07.2009). Pouco mais se pode facer, inclusive o TS na moi recente sentenza 3527/2013 de 21.06.2013 ten ratificado a adecuación á legalidade do documento no seu aspecto mais controvertido outorgando o mesmo e os inversores ampla seguridade xurídica. Resulta inxusto e difícil comprender que á vista de tal esforzo redactor se impute ao Concello de Vigo paralización, inactividade ou desinterese na actividade urbanística.*

*O PXOM, consciente de que o Pazo-Auditorio era unha realidade próxima, coñecedor do impulso que a dotación pode supoñer para a zona e informado da necesidade da súa rexeneración cara a resolver os lóxicos e inevitables desaxustes que se producen nas fronteiras entre os portos e as cidades (aquí a cidade de Vigo non é unha excepción), en definitiva, consciente do efecto renovador mencionado no Estudo, muda a cualificación “uso industrial” que constaba no anterior PXOM e cualifica o ámbito da APR A-4-04 (contiguo á zona sur do Complexo e comprendido entre rúas Jacinto Benavente e Marqués de Valterra) como “uso residencial”. A mesma cualificación obtén o ámbito da AOP 21, tamén localizado no sur e tamén con un anterior “uso industrial”.*

*Cuestión distinta, son outros ámbitos (os comprendidos entre a Avda. de Beiramar e a rúa Jacinto Benavente, ventos norte, leste e oeste do Auditorio) que tamén molestan e inquietan a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” pois se localizan no que identifica como “entorno”, e que ao atoparse no perímetro da Delimitación dos Espazos e Usos Portuarios do Porto de Vigo figuran clasificados no PXOM como Sistema Xeral Portuario correspondendo a súa ordenación o Plan Especial do Porto, á Autoridade Portuaria de Vigo, á Administración do Estado (vid artigo 56 do Real Decreto Lexislativo 2/2011, de 5 de setembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Portos do Estado e da Mariña Mercante, en adiante TRLPMM), razón bastante para entender que neses “ámbitos” non cabe reproche ao Concello de Vigo.*

*A pesares do exposto, o concesionario, no seu escrito, incide sempre na idea de que o fracaso económico-financeiro da concesión (a frustración da demanda de uso) se xustifica e se escusa na inactividade, na renuncia, na paralización urbanística municipal. Está claro, “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” concibe o desenvolvemento urbanístico do entorno como un “Bálsamo de Fiebrás”, que todo o sanda.*

*Ignora o concesionario que o ámbito da AOP 21, Cordelerías Mar, se atopa clasificado como solo urbano consolidado (SUC) polo que a súa materialización non require de planeamento de desenvolvemento algún senón da exclusiva vontade do propietario-titular da parcela que ao día de hoxe ten solicitado licenza (expdte. 71698/421) para a construción dun edificio residencial de 10 alturas e 160 vivendas, rochos, garaxes e locais comerciais. Na parcela resulta necesaria unha intervención arqueolóxica e o levantamento da cautela de tal intervención, intervención á que está obrigado o peticionario da licenza. Tamén descoñece que na parcela lindante polo vento oeste, é dicir, no edificio sede do Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico, a propiedade, a Xunta de Galicia, ten solicitado e obtido licenza de acondicionamento do inmovible (limpeza e pintado da fachada -85 metros lineais- expdte. 78893/421) atopándose a actuación en curso de execución.*

*Polo que se refire o ámbito da APR A-4-04, Beiramar, a concesionaria silencia, que a ficha de xestión prevé o seu desenvolvemento no segundo cuatrienio, en definitiva, a partires do 24 de*

xullo de 2013, data anterior á solicitude presentada, polo que as recriminacións de inactividade municipal, de paralización, de renuncia, aínda que se reiteren, carecen de fundamento.

Débase advertir que os “Plans de Etapas” dos instrumentos urbanísticos, sen prexuízo de entender que a súa eficacia intrínseca non obedece a un mero formulismo, non son documentos nin ríxidos nin cronométricos, STS 30.06.1992, tampouco poden ser considerados como unha determinación de índole estritamente normativa, STS 25.06.2001, F.J. Cuarto, non obstante cumpre manifestar que a APR A-4-04, para posibilitar o traslado das actividades existentes (ante todo naves frigoríficas), se encontra ligada o sector S-44-I Matamá-Valadares (Cidade do Frío) a desenvolver mediante un Plan Parcial a redactar polo Consorcio da Zona Franca de Vigo segundo convenio asinado entre o Concello e o Consorcio e incluído no PXOM vixente. O CZFV, coa presentación do documento de inicio previsto no procedemento de avaliación ambiental estratéxica (Lei 9/2006, de 18 de abril), ten iniciado os trámites necesarios para o desenvolvemento do Sector (expdte. 11538/411), así mesmo cumpre informar que o ente estatal, no seu anteproxecto de orzamentos para a anualidade 2014, ten consignada para actuacións no Sector a cantidade de 696.000.- €.

Polo que se refire o Plan Especial de Ordenación do Porto de Vigo e a previsión da construción dun “paso inferior” que transcorra baixo o sistema xeral viario da Ordenanza 9, Beiramar, nas inmediacións do edificio Casa Mar, reiterar que a execución/materialización das previsións contempladas en tal instrumento urbanístico corresponden á Autoridade Portuaria de Vigo, á Administración do Estado, non obstante os planos de ordenación do mesmo Plan Especial conciben á Avda. de Beiramar como un vial xeral e principal co trazado e características xeométricas axeitadas para garantir o acceso de vehículos as distintas zonas dos espazos portuarios. Non se debe esquecer que o Plan Especial do Porto, ao non esixilo a normativa aplicable (LOUGA e TRLPMM), carece de Plan de Etapas polo que o seu desenvolvemento ou estratexia de actuación ven derivada tanto ao Plan Estratéxico da Autoridade Portuaria, artigo 53 TRLPMM (con anterioridade artigo 37 Lei 48/2003, de 26 de novembro), como ao Plan de Empresa da Autoridade Portuaria, de elaboración anual, artigo 55 do mesmo texto legal (con anterioridade artigo 39 da Lei 48/2003), documento que en todo caso ten que prever a programación de inversións públicas axustándose á política económica do Goberno do Estado, polo que as previsións de inversións contempladas no Plan Especial (construción dun paso inferior) son iso, previsións, predicións que non poden considerarse compromisos firmes ou normativos, máxime cando tal “paso inferior” nin consta entre as actuacións autorizadas que, referidas ao sistema viario, se enumeran no artigo 14 .1 da Ordenanza invocada; nin consta no Estudo Económico-Financeiro do Plan Especial; nin consta nos distintos Plans de Empresa. En definitiva, en ningún caso “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” puido entender que, no momento de presentar a súa proposición, a construción do “paso inferior” fora unha realidade indiscutible, tampouco agora pode entender que tal ausencia de construción responda a un feito imprevisible/extraordinario que altere, en consecuencia, as condicións do equilibrio económico da concesión, do contrato.

Non existe unha alteración extraordinaria das circunstancias.

QUINTO: A parcela e o entorno

Non pode descoñecerse que a parcela do Pazo-Auditorio, identificada con precisión meridiana -no que as súas características urbanísticas se refire- na cláusula 2.3 do PCAP, foi e é unha superficie localizada na zona de servizo do Porto de Vigo que dende sempre se ten atopado circundada por outras destinadas a actividades estratéxicas propias dos tráxicos marítimo-portuarios, ben industriais, comerciais ou pesqueiras (naves frigoríficas e conserveiras: Pereira; Pescanova; Freiremar; Frigoríficos Berbés; Pescauerta, ...), ben de usos terciarios (Escola Náutico-Pesquera; Instituto Social de la Marina), ben de construción naval (Estaleiro J. Barreras; Estaleiro Armón ...), ben náutico-deportivos (Real Clube Náutico de Vigo), ben de practicas e re-

*molque (Remolcanosa), sinais de identidade de calquera porto de interese xeral, o de Vigo e o de seu ría tamén.*

*Manifestar agora que, "(...) O Concello de Vigo non ten procedido ao acondicionamento do entorno urbano tal e como estaba previsto que se fixera no momento da licitación (...)", (páx. 11); sinalar que, "(...) o entorno xera un enorme trasfego de vehículos pesados, ruídos e inmisións de toda clase (...)", (páx. 17); advertir que, "(...) por excelsa que resulte a promoción comercial do Complexo, os resultados non poden ser diferentes aos que xa se ten posto de manifesto (...)", (páx.17); expresar agora que, "(...) O Concello de Vigo ten ignorado as súas propias previsións recollidas no PXOM para o desenvolvemento dos ámbitos adxacentes ao Complexo o que lle dotaría dun entorno propicio e adecuado (...)" (páx.31); declarar que, "(...) o acondicionamento urbanístico do entorno é algo máis que un evento hipotético e futuro (...)", (páx.35), para concluír sinalando que tales circunstancias inciden na obtención dos ingresos previstos e, en consecuencia, no equilibrio do contrato, supón rexeitar a realidade duns feitos que xa existían no momento da presentación de ofertas e que, con absoluta certeza, era previsible que hoxe se mantiveran, todo iso sen prexuízo de considerar que as manifestacións transcritas infiren certa ausencia de confianza na prosecución da "intensa labor de comercialización", dos "inxentes esforzos", feito que pode dar lugar a unha artificial resolución contractual encuberta nunha inducida situación de insolvencia que en nada favorece á mellora do estado actual das cousas.*

*O escenario vixente non responde ao principio "rebus sic stantibus" e iso porque, sen prexuízo do PXOM, nada ten urxido de novo, as cousas mantense como foron, pero tamén (isto é importante) coma era previsible que foran.*

*É a ausencia de cambio, é dicir, o feito de que as cousas sigan como foron o que incita a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." a invocar a aplicación da cláusula rebus. En definitiva, se apela á cláusula en sentido negativo/inverso pois, "non era previsible que o Concello non actuara sobre o entorno", páx.32.*

*Como fundamento da teses "Pazo de Congresos de Vigo S.A." cita a STS 3125/2011 de 16.05.2011, nesta se recoñece o recorrente -concesionario dunha obra pública- o seu dereito o restablecemento do equilibrio económico coma consecuencia de que a Administración concedente (neste caso a Administración Xeral do Estado) non tivera construído (non actuara) unha determinada infraestrutura (Autopista Toledo-Ciudad Real-Córdoba) esencial para o devir económico da concesión outorgada (Autopista AP-41 Madrid-Toledo) dado que esta foi concibida como un primeiro tramo do novo acceso a Andalucía, ou como un último tramo de acceso a Madrid dende Andalucía.*

*A sentenza é novidosa pois integra na "teoría da imprevisión" feitos que, previstos, non se producen. Non se trata de acontecementos extraordinarios e imprevisibles que alteran as condicións do contrato, senón da ausencia dos previstos, carencia que, dada a súa certeza no momento da perfección do contrato, se considera imprevisible/extraordinaria alterando, as condicións do equilibrio económico da concesión, pois se entendía que os tráfico destinados a Ciudad Real ou Córdoba, ou os procedentes destas cidades, aportarían maiores ingresos á concesionaria.*

*A sentenza, con destreza, recoñece que a previsión da construción da Autopista Toledo-Ciudad Real-Córdoba, aínda que non citada no contrato, non foi discutida polas partes, polo que era certa, sendo tal previsión algo máis que un evento hipotético e de futuro. Así mesmo, a Sala entende que a previsible entrada en servizo da autopista tiña un peso esencial na proposta económica da explotación da AP-41.*

Os feitos citados na sentenza e os existentes na concesión do Pazo-Auditorio non son, coma di "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", páx. 35, extrapolables ao suposto que nos ocupa.

Non pode manifestarse: "(...) que o Concello de Vigo levase a cabo o acondicionamento urbanístico do entorno é algo máis que un evento hipotético e de futuro, pois está previsto nas normas urbanísticas aplicables e no propio Estudo de Viabilidade da concesión (...)", páx.35.

Xa se ten dito (e discutido), e xa se ten xustificado: a certeza, a previsión foi e é que o Pazo-Auditorio sexa o "elemento tractor" para a rexeneración da zona. Esa foi a hipóteses no momento no que se aprobou o Estudo de Viabilidade, esa foi a hipóteses no tempo no que se aprobou o expediente de contratación, esa foi a hipóteses no momento no que se presentaron as proposicións, esa foi a hipóteses na ocasión na que se outorgou o contrato e esa é a hipóteses actual.

Nada ten cambiado, o escenario vixente concorda co escenario previsible, co escenario certo, non existen feitos extraordinarios que podan dar lugar á apreciación de circunstancias urbanísticas que teñan alterado a economía do contrato, tampouco se aprecia ausencia de actuacións previstas. Non existe ni ten existido renuncia/inactividade/paralización do Concello de Vigo, nada se pode censurar neste sentido. O Concello de Vigo, con esforzo, redactou un PXOM que foi aprobado polo órgano autonómico competente nos prazos imaxinados, un instrumento urbanístico que contempla para a vertinte meridional do Auditorio unha ordenación axeitada para procurar, no seu tempo e en cooperación coa iniciativa privada, a súa rexeneración, o seu acondicionamento, todo iso sen esquecer que a parcela na que se sitúa o Pazo se localizaba e se localiza nunha zona que, no momento de presentación da oferta, agora, e tamén no futuro, foi, é e será unha "zona de servizos portuarios", un inevitable sistema xeral portuario, un espazo no que o desenvolvemento da actividade portuaria e industrial da cidade, en definitiva, o tráfico de vehículos pesados, de mercancías e outras accións conexas (queira ou non queira o concesionario) son actividades innatas e inescusables a tal "entorno", é dicir, propicias e adecuadas a tal ambiente, un ambiente activo, de traballo e emprendemento, que a concesionaria ten que saber valorar e desenvolver para acadar os obxectivos previstos na contratación (explotación da obra pública conforme a súa natureza e finalidade, cláusula 2 PCAP) pois os portos, a pesares do que entenda "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", non son paseos marítimos.

"Pazo de Congresos de Vigo S.A.", na solicitude de reequilibrio, demostra que no momento de presentar a súa oferta, a proposta de inversión non ponderou -non obstante o advertido na cláusula 2.3 do PCAP-, a realidade dos feitos, as características da parcela e do seu "entorno". Esta ausencia de previsión, tal erro de cálculo nun elemento esencial do contrato, non é imputable ao Concello de Vigo, é culpa de "Pazo de Congresos de Vigo S.A.". O fracaso ou o éxito (a impericia ou a destreza) nos alugares dos locais comerciais da zona complementaria, "o continuo non pagamento das rendas por parte dos arrendatarios" (páx.1), ou o desexable pago, son circunstancias inherentes o risco e ventura (álea) do contrato, razón de ser da concesión de obra pública, artigos 98, 220 e 243 do TRLCAP. Neste aspecto é definitiva a STS de 22.02.2006 que considera: "(...) baixo o concepto de imprevisibilidade non se comprende a evolución negativa dun mercado ... por non ter efectuado os debidos cálculos respecto do mesmo ... O escaso tempo transcorrido entre a adopción do acordo societario para cesar ... [nas actividades obxecto de concesión] e a adxudicación do contrato evidencia, que, en todo caso, non foron ponderados suficientemente tódolos elementos referidos ao negocio (clientes, competidores, prezos dos produtos, etc.) pois non outra cousa era o proxecto presentado. O éxito total, parcial ou nulo dos servizos ofertados non forma parte da concesión pois forma parte do risco comercial previsible para os operadores do sector (...)". A sentenza conclúe: "(...) Houbo, por tanto, insuficiente cálculo empresarial con erros de partida en elementos materiais ... As fortes discordancias entre as previsións e realidades a un ano vista evidencian a ausencia de coñecemento axeitado do mercado que non pode transferirse á Administración por non ter rexeitado o PEF. A ausencia de rexeite do PEF e a subséguente admisión o concurso non

*comporta a súa asunción pola Administración senón que o ofertante debe respostar das súas continxencias, incluído o risco e ventura. A Administración o acepta para que se cumpran as inversións pero non se fai responsable dos incorrectos cálculos de factores que se atopaban ao alcance do contratista (...)*

*Non procede a incoación dun expediente para a determinación medidas de reequilibrio da concesión por incumprimento de circunstancias urbanísticas previsibles pois tal quebrantamento, tal obriga de facer, tal inobservancia da cláusula rebus resulta imposible de apreciar, non existe.*

**SEXTO: A crises Económica**

*Non se comparte a reflexión de que a crises económica existente na maior parte das economías occidentais urxida no ano 2007 constituía, pola as súas extraordinarias proporcións, un “risco imprevisible” que teña provocado a imposibilidade do cumprir o contrato nos seus propios termos, dando iso lugar ao reequilibrio do mesmo e a achega de fondos por parte do Concello de Vigo, Administración concedente.*

*A crises económica (que en parte tivo orixe na incorrecta xestión e mala praxes de entidades financeiras, Auto 111/2010 da Audiencia Provincial de Navarra de 17.12.2010 e na especulación inmobiliaria) aínda que agora evidente, non pode servir de fundamento para xustificar o reequilibrio demandado pois se así fora a totalidade dos contratos administrativos de actividade e de longa duración subscritos con anterioridade a ese ano -ano 2007- polas distintas Administracións Públicas dos Estados membros da UE e doutras nacións das denominadas “occidentais” se atoparían incursos nese suposto excepcional, tamén os contratos inter privados, feito imposible de asumir pois a excepción converteríase en regra dando iso lugar a quebra absoluta do principio de vinculación (cumprimento do pactado), pilar básico do instituto contractual, artigo 1258 Código Civil.*

*As crises -que tamén afectan ás Administracións Públicas- son situacións cíclicas e recorrentes da propia economía, conxunturas que non permite identificalas como “circunstancias extraordinarias e imprevisibles”, proba diso é que desde o “crack” de 1929 os períodos de recesión económica se veñen sucedendo, con maior ou menor intensidade de xeito regular, neste sentido cabe lembrar as acaecidas no noso país nos anos 1973 (crise do petróleo) e 1993 como antecedentes mais inmediatos. A concesión se ten outorgada por un período de 60 anos, é dicir, ata o 28.10.2068, haberá mais crises.*

*Pero ademais a teoría da imprevisión, a cláusula rebus, de exclusiva construción doutrinal e xurisprudencial, pode e debe modularse atendendo ás circunstancias do caso na que se invoca (STS 6.11.1992) . No noso suposto non son iguais os coñecementos baseados nas sinais ou indicios que tiña un particular do que podía suceder para prever o cambio de circunstancias (a crise), do nivel de coñecemento que, sobre eses mesmos indicios, se presume, tiñan as empresas dedicadas ao tráfico financeiro e inmobiliario, caso de Caixanova, Testa Inmuebles S.A., Puentes Concesiones ou Sacyr S.A.U. que ostentaban (ou deberían ter ostentado) coma consecuencia da súa posición no mercado e da súa especialización, maior coñecemento científico e mais completa información sobre as continxencias e resultados do que, xa no ano 2004, se denominaba “burbulla”. Caixanova, Testa Inmuebles S.A., Puentes Concesiones ou Sacyr S.A.U. exhibían (ou deberían ter exhibido) un “plus” de previsión, pois enténdese que para esa clase de organizacións e para os seus departamentos de estudo e análise, a crise, o deterioro da economía, tivo que ser obxectivamente identificable, polo que agora ,en modo algún, con ausencia de boa fe, poden repercutir no Concello de Vigo, no común, os resultados da súa indiferenza e imprevisión solicitando “fondos adicionais”, en definitiva, unha medida que se concreta nun mero rescate que lles permita facer fronte as súas obrigas económicas con os seus acredores financeiros, en especial, coa entidade coa que formalizaron o contrato de préstamo para a constru-*



ción da obra pública (páx.37), Caixanova, hoxe NCG Banco S.A. (NovagaliciaBanco), entidade integrada na sociedade adxudicataria.

Non existe unha alteración extraordinaria das circunstancias.

#### SÉTIMO: Recapitulación

A mera invocación de circunstancias extraordinarias é insuficiente para, en virtude delas, considerar que o contrato se atopa incurso na “teoría da imprevisión” (cláusula rebus) procedendo a adopción de medidas (achega de fondos) para compensar os desequilibrios provocados polas mesmas.

As circunstancias extraordinarias e imprevisibles posteriores á licitación que alteren o equilibrio económico da concesión, para que podan ser recoñecidas, débense acreditar.

(i) Nada acredita “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” no procedemento incoado. Ao requirimento formulado polo instrutor deste expediente no sentido de que xustificara os “(...) inxentes esforzos realizados para a comercialización das oficinas e locais comerciais do Complexo (...)” e informara á Administración municipal do persoal da empresa dedicado a tales fins, ten respostado transcribindo o exposto no seu escrito de solicitude de reequilibrio económico e manifestando que, a explotación da “zona comercial” realízase polo propio concesionario mediante o apoio dos equipos comerciais e loxísticos do seu principal accionista, a mercantil “Testa Inmobles S.A.”. “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” conclúe sinalando que, en virtude do anterior, non ten sido necesario contratar persoal propio nos derradeiros dous anos, estratexia -o seu xuízo-, acertada pois, “dadas as circunstancias económicas actuais, ten axudado a minimizar os custes ordinarios”. Non se comparte a reflexión. Como lle consta a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” no Complexo, sen ter en conta as salas técnicas e de instalacións, o hotel de catro estrelas (7.957,92 m<sup>2</sup>, 121 habitacións), o aparcadoiro (9.437,45 m<sup>2</sup>, 312 prazas) e a zona de restauración (907,67 m<sup>2</sup> de restaurante e 601,35 m<sup>2</sup> de cafetería), existen 4.660,14 m<sup>2</sup> de superficie dedicada a oficinas e usos comerciais, excesiva para entender como suficiente que a súa xestión, a súa comercialización, se leve a cabo por terceiros que, ademais de non coñecer a realidade, as características e as necesidades da Cidade de Vigo e do Complexo, non se encontran implicados/motivados, de xeito directo, no proxecto empresarial, actitude que demostra un certo desinterese e que explica o fracaso da comercialización e o incomprendible resultado da mesma: 0,00 €. É mais, o PCAP na cláusula 51 advirte que a sociedade concesionaria deberá propoñer ao Concello un Director de Explotación do conxunto da concesión da obra pública, no prazo dun ano dende a data de formalización do contrato, entre as funcións deste posto se atopan: (a) Velar polo cumprimento das obrigas en relación coa explotación do conxunto da obra pública e as súas instalacións anexas; (d) Elaborar, poñer en práctica e velar polo cumprimento dos plans e programas de ... explotación; (f) Elaborar unha Memoria anual dende se resumen as actividades realizadas cada ano natural; (h) Elaborar o programa de difusión do Auditorio-Pazo de Congresos. Resultan imposibles de entender os “(...) inxentes esforzos realizados para a comercialización das oficinas e locais comerciais do Complexo (...)” cando “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” nin sequera ten realizado o nomeamento dunha persoa que se responsabilice da xestión do Complexo o que confirma o desinterese mencionado. O nomeamento de S.P.P., arquitecto, e Director Técnico da obra durante a súa execución, aínda que no seu día tamén foi nomeado como Director de Explotación, é ineficaz pois, dende a conclusión da obra, non leva a cabo as funcións previstas na cláusula citada, nin se ten dirixido ao Concello comunicando incidencia ou entregando documentación algunha. O caso é que “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” nunca sabe se é unha sociedade á que corresponde a explotación dun Auditorio, ou un Auditorio o que corresponde impulsar unha sociedade. Corresponde a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” realizar os esforzos necesarios para viabilizar economicamente a concesión, tales esforzos, tales

traballos non poden limitarse a solicitar do Excmo. Concello de Vigo unha nova achega de capital.

(ii) Nada acredita "Pazo de Congresos de Vigo S.A." cando como complemento da súa petición de declaración da existencia dun desequilibrio económico no contrato, afirma que o entorno do "Complejo" se encontra degradado, sen iluminación, sucio e convertido nun foco de actividades ilegais e reprobables no social. Iso non é así. É un feito notorio que nas fachadas norte e sur do Auditorio -no vial de Jacinto Benavente de titularidade municipal e na Avda. de Beiramar, titularidade da Autoridade Portuaria- existen seis puntos de luz nas beirarrúas opostas con potencia axeitada e suficiente (báculos de nove metros de altura); tamén é obvio que o servizo de limpeza viaria, a través da mercantil concesionaria, actúa no ámbito con eficacia pois a limpeza da parcela e do seu entorno realizase cunha periodicidade diaria, agás días festivos (nivel 1). É mais, "Pazo de Congresos de Vigo S.A." nin sequera precisa as presuntas actividades ilegais ou antisociais que menciona polo que sobre este aspecto nada se pode replicar en sentido contrario. Sen prexuízo do exposto a iluminación nas beirarrúas da parcela sempre é susceptible de mellora. Sobre este particular pode entenderse que a normativa urbanística aplicable, artigo 19. a. LOUGA, -cando advirte que en solo urbano consolidado os propietarios da parcela deben costear os gastos de urbanización precisos para completar os servizos urbanos e regularizar as vías públicas-, estase tamén referindo ós concesionarios na subrogación que dos deberes urbanísticos comporta o instituto concesional, así mesmo á cláusula 31 do PCAP refírese á obrigada reposición dos servizos (na parcela, con anterioridade á execución da obra pública, existía iluminación axeitada), tamén a cláusula 63.1.d. menciona a obriga do concesionario de manter en perfecto estado os terreos afectos á obra pública. Non obstante o exposto, mantendo a vontade municipal de cooperación, nada impide que sexa o Concello de Vigo, na súa condición de titular da rúa Jacinto Benavente, quen asuma a mellora da iluminación mediante a instalación nos báculos existentes de proxectores que aumenten a potencia actual, ou outra medida análoga. Enténdese que similar postura corresponde á Autoridade Portuaria de Vigo na súa condición de titular da Avda. de Beiramar e da rúa existente no vento leste da parcela. Corresponde a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." mellorar a iluminación da travesía interior da parcela, é dicir, a do paso peonil existente entre o Pazo-Auditorio e o hotel.

(iii) Nada acredita "Pazo de Congresos de Vigo S.A." no escrito presentado. Os feitos que nel se relatan (ausencia total de ingresos na explotación da "zona complementaria"), a argumentación que se expón, non ten encaixe na doutrina do risco imprevisible pois, coma se ten exposto nesta proposta, non teñen o seu orixe na inactividade ou paralización municipal no desenvolvemento urbanístico do "entorno" (circunstancia imprevisible a xuízo da concesionaria); tampouco na crises económica; tampouco na existencia de causas de forza maior; tampouco en decisións do Concello de Vigo que teñan modificado as condicións de explotación da obra; tampouco en actuacións do Concello de Vigo que teñan determinado de forma directa a ruptura substancial da economía da concesión, artigo 248.2 TRLCAP.

(iv) Nada acredita "Pazo de Congresos de Vigo S.A." En efecto, con infracción do previsto no artigo 233.1.d), in fine, do TRLCAP; con incumprimento do tamén previsto nas cláusulas 59.3 e 61.3 (a) do PCAP; fora do marco definido e pactado na adxudicación, artigo 248. 1 TRLCAP, "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", sen autocrítica, pretende desprazar/trasladar á Administración concedente, ao Excmo. Concello de Vigo, os resultados negativos da explotación da "zona complementaria" da obra pública baixo a xustificación de que estes ingresos son esenciais para a viabilidade económica do "Complejo", e baixo a falsa escusa de que o obxectivo ultimo da contratación realizada é a permanencia, a continuidade, do servizo, nesta caso da obra pública (páx. 25). Sen entrar na consideración da adecuada ou da equivocada xestión do Complejo (impericia) por parte de "Pazo de Congresos de Vigo S.A." -circunstancia que pode ser obxecto doutro expediente- as cousas non son así.

*Certo que o interese do Excmo. Concello de Vigo e da calquera Administración é que a obra pública proxectada cumpra as finalidades previstas, agora ben, non é menos certo que tal interese público non ampara nin da cobertura de xeito indiscriminado a unha garantía de beneficios, a unha ausencia de perdas para o concesionario coma se dun seguro gratuíto que cubrira todos os riscos empresariais se tratara (STSJ MAD 8203/2011 FD 2; STSJ CAT 19.01.2009 FD 5 entre outras) se así fora extinguírse calquera interese, calquera implicación, dos concesionarios no goberno dunha boa e dilixente administración, nunha correcta e axeitada xestión contractual; desaparecería por completo, anularíase, a aleatoriedade, o risco e ventura, consubstancial ao contrato adxudicado, artigos 98, 220 e 243 do TRLCAP. O mantemento do equilibrio económico non se pode equipar ao outorgamento dunha subvención ao concesionario para garantir beneficios. A teses non pode prosperar.*

*Fora dos supostos xa reiterados (situacións imprevisibles, forza maior, circunstancias sobrevidas, modificacións ou actuacións da Administración concedente que incidan na explotación) é o contratista/concesionario quen ten que asumir as consecuencias que podan derivarse da execución contractual, aínda no caso que tal execución non sexa coincidente coas previsións contempladas no momento da contratación (STS 477/2013, de 25.01.2013).*

*(v) Nada acredita “Pazo de Congresos de Vigo S.A.”. Non se dan os requisitos necesarios para apreciar a existencia de “riscos imprevisibles”. A súa consideración e a adopción de medidas para compensar os desequilibrios provocados por tales supostos feitos sobrevidos (entrega de fondos municipais), ademais de ser desconforme a dereito pola contravención dos principios que presiden a contratación pública (transparencia, igualdade de oportunidades e concorrencia, art.11.1 TRLCAP), supoñería un enriquecemento inxusto por parte do concesionario. É mais, a consideración das medidas propostas “(...) modificación das cláusulas de contido económico incluídas no contrato, para incorporar unha obriga da Administración concedente de realizar achegas monetarias (...)”, páx.38 supoñería unha modificación contractual encuberta. Neste sentido é definitiva a sentenza do Tribunal de Xustiza das Comunidades Europeas de 19.06.2008 (asunto Priesetext) que resume con precisión os límites que deben observar as Administracións Públicas no exercicio da súa potestade de modificación contractual, a sentenza di:*

*“(...) 34. Con obxecto de garantir a transparencia dos procedementos e a igualdade dos licitadores, as modificacións das disposicións dun contrato público realizadas durante a validez deste constitúen unha nova adxudicación no sentido da Directiva 92/50 cando presentan características substancialmente diferentes as do contrato inicial e, por conseguinte, poñen de relevo a vontade das partes de volver a negociar os aspectos esenciais do contrato (ver tamén sentenza de 5.10.2000, Comisión/Francia C-337, Recpl-8377, apartados 44 e 46)*

*35. A modificación dun contrato en vigor pode considerarse substancial cando introduce modificacións que, se houberan figurado no procedemento de adxudicación inicial, haberían permitido a participación doutros licitadores aparte dos inicialmente admitidos ou haberían permitido seleccionar unha oferta distinta da orixinal seleccionada.*

*36. Unha modificación tamén pode considerarse substancial cando cambia o equilibrio económico do contrato dunha maneira que non estaba prevista nos termos do contrato inicial (...)”.*

*En termos similares a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de 13.04.2010.*

*(vi) Nada acredita “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” cando o seu escrito comunica que como consecuencia de sentenza de desafuzamento ditada polo Xulgado de Primeira Instancia número 13 de Vigo o próximo día 1 de outubro de 2013 procederase ao lanzamento da sociedade arrendataria do hotel.*

Non se entende a estratexia de "Pazo de Congresos de Vigo S.A.". Nos cinco últimos meses a concesionaria, sen adecuarse á realidade económica existente, sen acomodarse ao mercado, ten sido ineficaz no arrendamento dos espazos dispostos para restaurante que tamén foron obxecto de desafuizamento. "Pazo de Congresos de Vigo S.A." non pode reiterar a mesma ausencia de compromiso no que se refire ao hotel. As demandas dos interesados non sempre axustaranse o PEF, ó contrario, é "Pazo de Congresos de Vigo S.A." quen debe adaptar a súa oferta á demanda, ao comportamento dos consumidores. Na xestión integral do Complexo, as dotacións de hotel (catro estrelas e 121 habitacións) e restaurante (907,69 m2) son pedras angulares da "zona complementaria" e referencias obrigadas para a posta en valor e para a competitividade dos congresos, das conferencias, dos concertos e dos demais eventos a realizar, a ofertar, na denominada "zona pública".

Mal se pode reconducir a situación actual executando un lanzamento sen que exista unha alternativa contrastada, unha solución, para o instante despois que neste caso debe concretarse na existencia dun novo arrendatario, o factor tempo devén esencial. A ausencia de medidas, a ausencia de proxecto, a ausencia de estratexia por parte do concesionario agrava o escenario exposto por "Pazo de Congresos de Vigo S.A." no seu escrito de solicitude de reequilibrio pois tales déficits prexudican de xeito notable á calidade e imaxe dos servizos a desenvolver e a propoñer na obra pública, supoñendo iso unha renuncia abdicativa é tácita dos dereitos que lle corresponden, (explotación da obra pública) -tamén dos deberes- que non pode considerarse axustada o ordenamento xurídico cando tal renuncia -sen ter satisfeito a prestación convida- ten lugar no marco dun contrato bilateral que afecta a dereitos alleos os propios do renunciante, neste caso os dereitos do Excmo. Concello de Vigo (artigo 6.2 Código Civil).

(vii) Nada acredita "Pazo de Congresos de Vigo S.A." no seu escrito de solicitude dunha declaración municipal que recoñeza a existencia dun desequilibrio económico-financeiro e conclúa con unha achega de fondos públicos. O refuxio de "Pazo de Congresos de Vigo S.A." na discutible barricada da cláusula rebus é fráxil e inconsistente. Como se ten exposto, non existen factores imprevisibles que excluían o risco e ventura que debe asumir a sociedade concesionaria. As obrigas que nacen dos contratos teñen forza de lei entre as partes e deben cumprirse a tenor dos mesmos (artigo 1091 del Código Civil). "Pazo de Congresos de Vigo S.A." non pode desvincularse das súas obrigas legais e contractuais, tampouco dos seus dereitos que, neste suposto, non son renunciabes. Concirne a "Pazo de Congresos de Vigo S.A.", mediante unha boa e ordenada administración, respectar os compromisos esixibles na concesión, entre estes os destinados a "Explotar a obra pública, asumindo o risco económico da súa xestión coa continuidade e nos termos establecidos no contrato", artigo 243.b) TRLCAP.

Esta Secretaría Xeral do Pleno, en virtude do exposto, na súa condición de órgano instrutor do expediente formula á Xunta de Goberno Local, órgano de contratación, a seguinte,

#### PROPOSTA DE ACORDO

**PRIMEIRO:** Desestimar, polos fundamentos expostos, a solicitude presentada por "Pazo de Congresos de Vigo S.A." con data de rexistro de entrada do 27.06.2013 relativa á declaración da existencia dun desequilibrio económico-financeiro na concesión de obra pública do Pazo-Auditorio "Mar de Vigo" outorgada á mercantil citada mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 6.03.2006.

**SEGUNDO:** Desestimar, en harmonía co anterior, a solicitude de adopción de medidas para o restablecemento do equilibrio económico-financeiro.

**TERCEIRO:** Requirir a "Pazo de Congresos de Vigo S.A." o cumprimento do sinalado na cláusula 51 do PCAP o obxecto de que propoña ao Concello de Vigo o nomeamento dunha persoa,

*con titulación e experiencia axeitada, para o desenvolvemento das funcións inherentes o posto de Director de Explotación.*

*CUARTO: Requirir de “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” o cumprimento estrito do contrato, concretado na explotación da obra pública mediante unha boa e ordenada administración que deberá realizarse coa dilixencia debida e a continuidade requirida, en especial no que se refire á labor de comercialización da zona complementaria ao obxecto de evitar a interrupción inxustificada de servizos esenciais para o bo fin do Complexo (servizos de hotel e de restauración).*

*QUINTO: Requirir a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” a mellora do alumeado no paso peonil existente na parcela entre a sólido do Auditorio e o sólido do hotel. Dirixirse ao Servizo de Electromecánicos do Excmo. Concello de Vigo (Concellería delegada de Fomento) notificándolle o presente acordo ao obxecto de que, mediante as actuacións oportunas, proceda á mellora do alumeado público existente na rúa Jacinto Benavente. Dirixirse á Autoridade Portuaria do Porto de Vigo notificándolle o presente acordo, ao obxecto de que, mediante as actuacións oportunas, proceda á mellora do alumeado público existente na Avda. de Beiramar -beirarrúa do Pazo-Auditorio- e na beirarrúa da rúa existente no vento leste da parcela.*

*SEXTO: Notificar o presente acordo a “Pazo de Congresos de Vigo S.A.” facendo constar que pon fin a vía administrativa, contra o mesmo, sen prexuízo doutros medios de defensa, pode interpoñerse ante a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo, recurso potestativo de reposición no prazo do mes seguinte á data da súa notificación, ou recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados desa xurisdición da Cidade de Vigo no prazo dos dous meses seguintes, non poderán simultanearse.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a precedente proposta.

### **22(976).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE CAMPAÑA DE PROMOCIÓN TURÍSTICA DE VIGO EN CATRO DESTINOS XEOGRÁFICOS CON CONECTIVIDADE OU PROXIMIDADE. EXPTE. 4867/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de asesoría xurídica do 5.08.13 e do 23.08.13, o informe de fiscalización, do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 23.08.13, conformado pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación e polo concelleiro delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, a Xunta de Goberno local acorda:

1º.- Aprobar o expediente de contratación Nº 4867-104

2º.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 20 de agosto de 2013 e o prego de cláusulas administrativas de data 23 de agosto de 2013 de condicións que rexerán a contratación da campaña de promoción de Vigo en destinos xeográficos Oporto, Paris, Madrid e Barcelona e mercado de proximidade (Bilbao, Valladolid, Zamora e León) aprobada na sesión de 24 de outubro de 2012 da Comisión de seguimento do Plan de Competitividade Turística e ratificado en data 24 de abril de 2013

3º.- Autorizar o gasto, por importe de 205.700€ (dous centos cinco mil setecentos), IVE incluído, con cargo á partida presupostaria, 4320.2279906 “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do presuposto en vigor.

4º.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**23(977).- EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE EXECUCIÓN DUNHA CAMPAÑA DE PROMOCIÓN ONLINE DE VIGO COMO DESTINO TURÍSTICO POR PROCEDIMENTO NEGOCIADO CON PUBLICIDADE. EXPTE. 4865/104.**

Examinadas as actuacións do expediente, vistos os informes de asesoría xurídica do 1.08.13 e do 13.08.13, o informe de fiscalización, do 30.08.13, e de acordo co informe-proposta da técnica do Servizo de Turismo, do 20.08.13, conformado polo concelleiro-delegado da Área de Industria, Turismo, Cultura e Festas, e pola concelleira de Economía, Facenda e Contratación, a Xunta de Goberno local acorda:

Primeiro.- Aprobar o expediente Nº 4865-104

Segundo.- Aprobar o prego de prescricións técnicas de data 5 de agosto de 2013 e o prego de cláusulas administrativas de data 19 de agosto de 2013 de condicións que rexerán a contratación da campaña de promoción de Vigo online aprobada na sesión de 24 de outubro de 2012 da Comisión de seguimento do Plan de Competitividade Turística e ratificado en data 24 de abril de 2013.

Terceiro.- Autorizar o gasto, por importe de 77.440 (setenta e sete mil catrocentos corenta euros) IVE incluído, con cargo á partida presupostaria , 4320.2279906 do “Plan de Competitividade Turística de Vigo” do presuposto en vigor.

Cuarto.- Abrir o procedemento de licitación na forma legalmente establecida.

**24(978).- PROXECTO DE “MODIFICACIÓN PUNTUAL Nº 8 DO PXOM, CLASIFICACIÓN DA PARCELA Nº 1 U.A. MOLEDO E SECTOR S-26-R PESCADEIRA (SÁRDOMA). EXPTE. 13717/411.**

Dáse conta do informe-proposta da técnica de Admón. Xeral, do 23.08.13, conformado pola xefa da Área técnica e pola xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

*En data 16.06.2011, o TSXG ditou a sentenza nº. 585/2011, no P.O. 4608/2008, estimando parcialmente o recurso contencioso-administrativo interposto por D<sup>a</sup>. Amelia Caride Bugarín contra a Orde do Conselleiro de CMATI de 16.05.2008 de aprobación parcial e definitiva do PXOM de Vigo, anulándoa no relativo á clasificación da parcela 1 da Unidade de Actuación 03 Moledo do PGOU-93 e declarando que a dita parcela debe ser clasificada como solo urbano consolidado.*

O día 08.02.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120014321) oficio da Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo de data 03.02.2012 comunicando que mediante Resolución do 17.01.2012, desa Secretaría Xeral, ordenouse dar publicidade á parte dispositiva da referida sentenza (DOG nº. 23, do 02.02.2012).

Con data 26.03.2012, a Xefa de Planeamento e Xestión e o Director da Área de Planeamento e Xestión emitiron informe a respecto da clasificación e cualificación da parcela de referencia.

O 10.04.2012 a Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos dictou resolución ordeando o inicio da modificación puntual nº 8 do PXOM, a fin de executar a referida sentenza nº. 585/2011 e encomendando aos servizos técnicos e xurídicos da XMU a redacción da documentación técnica e a tramitación administrativa desta modificación. Dita Resolución de día 10.04.2012 foi rectificada mediante resolución de corrección de erros de día 23.04.2012.

En cumprimento da devandita Resolución do 10.04.2012 (rectificada mediante Resolución do 23.04.2012), os servizos técnicos municipais da Oficina de Planeamento e Xestión elaboraron os documentos rubricados "Modificación puntual nº. 8 do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, relativa á clasificación do solo na parcela nº. 1 da Unidade de Actuación 03 Moledo do anterior Plan Xeral. Avaliación Ambiental Estratéxica. Anteproxecto de Planeamento" en data 21.05.2012 e "Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)" (V.1 Documento para aprobación inicial), de agosto de 2012.

Con data 20.07.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120087647), oficio de data 12.07.2012 do Subdirector Xeral de Avaliación Ambiental da CMATI, polo que achega a Resolución do 12.07.2012 do Secretario Xeral de Calidade Avaliación Ambiental relativa ao non sometemento a avaliación ambiental estratéxica de dita modificación puntual, así como o informe do 28.06.2012 da Xefa de Servizo de Planificación e Programación Hidrolóxica de Augas de Galicia.

Con data 09.10.2012 os servizos técnico-xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión emitiron informe de legalidade e calidade técnica da ordenación proposta na referida modificación puntual.

O 04.12.2012 ten entrada no Rexistro xeral da XMU (doc. 120143215) o informe previo á aprobación inicial emitido o día 29.11.2012 pola Secretaria Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da CMATI, cuxo apartado II.3 conclúe: "A reclasificación das tres parcelas e o axuste da ficha do solo urbanizable para dar cumprimento á sentenza do TSXG incorporando a ordenación detallada no solo urbano consolidado pode fundamentar a modificación de planeamento ao abeiro do artigo 94.1 da LOUG".

O día 25.03.2013 o Pleno municipal aprobou inicialmente a dita modificación puntual, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local o 14.12.2012, e acordou abrir un trámite de información pública polo prazo de dous meses mediante inserción de anuncios no DOG e en dous dos xornais de maior difusión da provincia, dar audiencia simultaneamente polo mesmo prazo aos municipios limítrofes e, aos efectos do artigo 77.2 da LOUGA, determinou expresamente que a área afectada pola suspensión de licenzas correspóndese coas catastrais 4435902NG2743N, 4435901NG2743N e 443590NG2743N, así como os terreos comprendidos no sector «S-26-R Pescadeira».

Mediante oficios da Vicepresidenta da XMU de día 15.04.2013 outorgóuselle aos Concellos de Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño e Redondela o referido trámite de audiencia.

O anuncio do acordo plenario de día 25.03.2013 de aprobación inicial da Modificación puntual nº. 8 do PXOM/08 foi publicado o día 26.04.2013 nos xornais Atlántico e Faro de Vigo e o día 20.05.2013 no DOG nº.94.

Con data 30.07.2013 o Secretario da XMU, certificou que durante o período de exposición ao público do expediente de referencia, presentouse unha única alegación con entrada no Rexistro o día 19.07.2013 (doc.130086610).

O día 22.08.2013 a arquitecta municipal emitiu o informe que obra no expediente.

## FUNDAMENTOS LEGAIS OU CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

### I. Normativa examinada.

-Real decreto 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de solo (TRLS 2008)

-Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia (LOUGA)

-Real decreto 2159/1978, de 23 de xuño, polo que se aproba o regulamento de planeamento para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RPU)

-Real decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana (RXU)

-Real decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao Regulamento para a execución da Lei hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da Propiedade de actos de natureza urbanística

-Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente

-Lei 6/2007, de 11 de maio, de medidas urxentes en materia de ordenación do territorio e do litoral de Galicia

-Lei 7/2008, de 7 de xullo, de protección da paisaxe de Galicia (LPPG)

-Lei 8/1995, de 30 de outubro, de patrimonio cultural de Galicia (LPCG)

-Decreto 232/2008, de 2 de outubro, sobre o Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia

-Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LXCA)

-Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común

-Lei 7/1985, de 2 de abril, de bases de réxime local (LBRL)

-Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA)

-Plan xeral de ordenación municipal de Vigo de 2008, aprobado definitivamente por Ordes da Conselleira de política territorial, obras públicas e transportes de 16 de maio de 2008 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra -BOP- n.º 151, de 06.08.2008; DOG n.º 106, de 03.06.2008) e do Conselleiro de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas de 13 de xullo de 2009 (BOP n.º 175, de 10.09.2009; DOG n.º 144, de 24.07.2009) (PXOM)

-Estatutos da Xerencia Municipal de urbanismo, na súa redacción aprobada definitivamente no Pleno do Concello de Vigo de 6 de setembro de 2010 (BOP n.º 193, de 06.10.2010)

II. Obxecto da modificación puntual n.º 8 do PXOM, relativa á clasificación da parcela n.º 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma).

A modificación puntual n.º 8 do PXOM/08 formulouse para executar os pronunciamentos da sentenza n.º 585/2011, do 16.06.2011, do TSXG, que anula a clasificación da parcela n.º 1 da



U.A. 03 Moledo do PXOU-93 (abranguida no Sector «S-26-R Pescadeira» do PXOM/08) declarando que a dita parcela debe ser clasificada como solo urbano consolidado.

Na proposta de ordenación elaborada polos servizos da Oficina de Planeamento e Xestión e inicialmente aprobada polo órgano plenario o día 25.03.2013, dótase ás parcelas correspondentes coas nº. 1, 2 e 9 da U.A. 03 Moledo do PXOU-93, dunha ordenación detallada que permite a obtención dunha peza completa e delimitada por viais, cuxa clasificación quedará reflectida nos planos reformados 11 (R) da serie 1 (escala 1/5000), de Clasificación de solo e 12-N (R) da serie 2 (escala 1/2000) dentro da Ordenanza 10.1º. Ademais, realízanse os oportunos axustes no sector «S-26-R Pescadeira» do PXOM/08 derivados da referida ordenación.

### *III. Tramitación procedimental.*

De conformidade co disposto no artigo 93.4 da LOUGA, na súa relación co artigo 85.2, e atendida a Resolución de día 12.07.2012 do Secretario Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da CMATI sobre a innecesiedade de sometemento da Modificación puntual nº.8 do PXOM-08 ao procedemento de avaliación ambiental estratéxica, unha vez acadada a súa aprobación inicial, deberá someterse ao trámite de información pública durante o prazo de dous meses, mediante anuncio que se publicará no DOG e en dous dos xornais de maior difusión na provincia, non sendo necesaria a notificación deste trámite ás persoas propietarias de terreos afectados. Simultaneamente e durante o mesmo prazo, darase audiencia aos municipios limítrofes. Ao mesmo tempo co trámite de información pública, deberán recabarse das Administracións Públicas competentes os informes sectoriais que resulten necesarios, que deberán emitirse no prazo dun mes agás que a lexislación sectorial sinala outro prazo.

#### *III.1. Resultado do trámite de audiencia aos municipios limítrofes.*

Mediante oficios da Vicepresidenta da XMU do día 15.04.2013 (notificados todos eles o 24.04.2013) outorgóuselle aos Concellos de Gondomar, Mos, Nigrán, O Porriño e Redondela trámite de audiencia por prazo de dous meses, sen que ningún dos nomeados Concellos limítrofes remitira observación algunha.

#### *III.2. Resultado do trámite de exposición pública.*

O anuncio do acordo plenario de día 25.03.2013 de aprobación inicial da Modificación puntual nº. 8 do PXOM-08 foi publicado o día 26.04.2013 nos xornais Atlántico e Faro de Vigo e o día 20.05.2013 no DOG nº.94, presentándose unha única alegación durante o período de exposición ao público segundo consta no certificado de data 30.07.2013 do Secretario da XMU, que seguidamente se aborda:

Alegantes: D<sup>a</sup>. Amelia Caride Bugarín, D. Telmo Paredes Falque, D. Carlos Lago Costas con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.07.2013 (doc. 130086610).

Resumo da alegación: despois de recoñecer os alegantes a acertada e detallada xustificación da Modificación puntual en tramitación, interesan a asignación as súas parcelas da Ordenanza 10º, grao 2 ao considerar que é o máis común no barrio de Moledo e sobre a base de criterios de coherencia, sostibilidade, viabilidade do proceso urbanizador e recuperación demográfica puntual.

Informe: en data 22.08.2013 a arquitecta municipal emitiu o seguinte informe:

"No apartado 3.2.9 da Memoria Xustificativa do PXOM vixente (Plan xeral de ordenación municipal con aprobación definitiva parcial por Orde da Consellería de Política Territorial de data 16 de maio de 2008, e aprobación definitiva do documento de cumprimento da Orde anterior pola Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas de 13 de xullo de 2009), reflíctense os criterios xerais seguidos para a ordenación polo miúdo do territorio.

Nomeadamente, no epígrafe do solo urbano consolidado di que: Consideráronse dentro desta categoría os solos da cidade consolidada onde se dan aliñacións e delimitan zonas de ordenanza, especificando o grao a partires do estudio da cidade construída, fixándose nas dimensións do parcelario existente, atura e fondo da edificación, grao de consolidación, posición do edificio na parcela e tipoloxías existentes. Delimitáronse zonas homoxéneas que levarán a mesma ordenanza...

Reiterase o dito anteriormente en canto ás ordenanzas en solo urbano consolidado: Delimitáronse zonas de ordenanza e grao a partires do estudo pormenorizado tanto do parcelario existente (dimensións das parcelas, altura da edificación, grao de consolidación e posición da edificación a respecto da parcela), como da realidade tipolóxica construída; e tendo como referencia, aínda que non imposición, as ordenanzas do Plan Vixente. Todo elo, en función de áreas homoxéneas (que tivesen, por caso, a mesma ordenanza), superficie da parcela dominante (de cara a determinación do grao)...

Xa que logo, este é foi o criterio empregado tamén á hora de abordar á cualificación do solo obxecto da modificación, xa que a sentenza que deu lugar á dita modificación soamente determinaba á clasificación do solo (SUC), xa que tal e como reflicte no fundamento xurídico cuarto: ... la determinación de la ordenanza de aplicación no es un aspecto reglado, y por ello corresponde a la Administración establecerla....

No apartado 6.c) da Modificación puntual nº 8 : ... un estudio tipolóxico do contorno da área obxecto de modificación amósanos como todas as parcelas contiguas en toda a bolsa de solo situada entre a estrada Moledo, a Rúa Louxada, e as Rúas Pescadeira, e estrada de Marco ata a praza de Moledo, están cualificadas coa Ordenanza 10, grao 1º. Por esta razón cualifícase a área modificada coa ORDENANZA 10, grao 1º.

En canto aos puntos 5 e 6 da alegación, o criterio establecido para á asignación do grao non foi o grao maioritario ou común na zona ou barrio. O equipo técnico redactor estudou o parcelario existente e a superficie da parcela dominante de cara á determinación do grao da ordenanza 10, tendo en conta tamén que as tres parcelas obxecto da modificación están vacantes de edificación.

As condicións de edificación varían en función do grao da ordenanza. Consonte ao artigo 9.10.7 da normativa urbanística do PXOM, aos efectos de parcelacións, reparcelacións e segregacións, ademais de cumprir o citado nos artigos precedentes da ordenanza 10, a parcela deberá respectar as condicións seguintes:

| <u>Grao</u> | <u>Parcela mín.</u> | <u>Fronte e tipoloxía</u>                 | <u>Ø Min.Círculo Insc</u> | <u>Ocupacións/r</u> |                                     |
|-------------|---------------------|---|---------------------------|---------------------|-------------------------------------|
| 1º          | 600 m <sup>2</sup>  | 16 m. Illada<br>10 m. Apegada             | 10 m                      | 40%                 | 0,55 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |
| 2º          | 350 m <sup>2</sup>  | 9 m. Illada ou Pareada<br>6 m. Acaroadada | 6 m                       | 45%                 | 0,75 m <sup>2</sup> /m <sup>2</sup> |

As parcelas obxecto da modificación teñen todas unha superficie superior á parcela mínima do grao 1º, é dicir, a 600 m<sup>2</sup>:

| PARCELA | CATASTRO | REFERENCIA CATASTRAL | SUPERFICIE<br>SOLO | CONSTRUCCIÓN<br>SUPERFICIE CONSTRUÍDA |
|---------|----------|----------------------|--------------------|---------------------------------------|
| 1       | Urbana   | 4435901NG2743N0001SA | 1.539              | NON ( SOLO SEN EDIFICAR)              |
| 2       | Urbana   | 4435902NG2743N0001ZA | 3.472              | NON ( SOLO SEN EDIFICAR)              |
| 3       | Urbana   | 4435904NG2743N0001HA | 613                | NON ( SOLO SEN EDIFICAR)              |

*Ao estudar a contorna da zona obxecto da modificación puntual, pode comprobarse que a superficie de parcela dominante é maior de 600 m<sup>2</sup>.*

*Á teor do exposto anteriormente e a xuízo da técnica que subscribe, considérase que as parcelas deben estar cualificadas coa ordenanza 10 de residencial exterior no seu grao 1<sup>o</sup>.*

*Neste senso, debe apuntarse que a Administración está investida dunha ampla discrecionalidade no exercicio da potestade planificadora, sempre con respecto ao interese xeral, tendo en conta a función social da propiedade, a estabilidade e seguridade xurídica e coa debida motivación das decisións acordadas.*

*Ademais, xa no informe de día 26.03.2012 da Xefa de Planeamento e Xestión e do Director da Área de Planeamento e Xestión consta, a respecto do desenvolvemento da U.A.03 Moledo, que “A tramitación do estudio de detalle da U.A. 03 Moledo, comezou no ano 1996 coa presentación dun estudio de detalle (nº. Expte 4267/411). O Consello da Xerencia en sesión de 5.09.1997, acordou aprobar inicialmente dito estudio, no acordo do Consello da Xerencia acordou tamén solicitar unha documentación aos promotores. Dita solicitude foi notificada, nunca se deu resposta a dita notificación, polo que en xuño de 2000 foi arquivado o expediente, entendéndose por desistido. Ningunha actuación máis fíxose respecto desta unidade de actuación”. No referente á ordenación das parcelas referidas na alegación, o dito informe concluían que “a parcela ten que clasificarse como solo urbano consolidado, a ordenanza de aplicación debe ser a das parcelas adxacentes á zona, ordenanza 10 grado 1<sup>o</sup>. Dado que a parcela non ten contacto directo co solo urbano consolidado procede tamén o cambio de clasificación á parcela adxacente polo leste, ref.catastral: 4435904NG2743N, que ademais ten as mesmas condicións que a parcela obxecto da sentenza e deste informe. Xa, tras analizar os solos inmediatos, parece recomendable tamén o clasificar como solo urbano consolidado con ordenanza 10 1<sup>o</sup>, a parcela situada ao suroeste da de dona Amelia Caride, ref. Catastral: 4435901NG2743N, xa que quedarían como única parcela do sector situada ao leste do camiño Louxada”. Idéntica conclusión reflíctese no V1. Documento para aprobación inicial elaborado pola Oficina de Planeamento e Xestión en agosto 2012, dado que, singularmente no seu apartado 6, letra c), xustifícase a cualificación do solo proposta na modificación puntual de referencia.*

*Proposta: sobre a base do informado pola arquitecta municipal en data 22.08.2013 proponse a desestimación da alegación.*

#### *IV. Cumprimento da tramitación provisional: aprobación provisional*

*Cumpridos os trámites sinalados no artigo 85.1 a 7 da LOUGA (a excepción dos referentes á tramitación da avaliación ambiental estratéxica dada a súa innecesariedade), corresponderá ao Pleno do Concello a súa aprobación provisional, previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local en cumprimento do artigo 127.1c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU ex. artigo 10º.1.a) dos Estatutos da XMU. O acordo da aprobación provisional é un mero acto de trámite non susceptible de recurso administrativo (STS 05.06.1998 e 10.10.1998). Con anterioridade a súa adopción deberá emitir informe xurídico a Secretaría do Pleno (artigos 54.1.b) TRRL e 122.5.e).2º e 123.2 LRBRL) e a Intervención municipal (artigos 54.1.b TRRL e 123.2 LRBRL).*

*Por aplicación do establecido no artigo 85.8 da LOUGA “en caso de que pretendan introducirse, no momento da aprobación provisional polo pleno municipal, modificacións que signifiquen un cambio sustancial do documento inicialmente aprobado, pola adopción de novos criterios respecto á clasificación e calificación do solo, ou en relación coa estrutura xeral e orgánica do territorio, abrírase un novo trámite de información pública con anterioridade ao referido acordo do pleno municipal e da remisión da documentación oportuna á consellería para resolver sobre a súa aprobación definitiva”.*

*Adoptado o acordo de aprobación provisional, o expediente completo, debidamente dilixenciado, someterase ao órgano autonómico competente para a súa aprobación definitiva, debendo a CMATI, recibido éste e no prazo dun mes, proceder ao exame da súa integridade documental e das actuacións administrativas realizada e, de apreciar a omisión ou defectuosa celebración dalgún trámite ou a existencia dalgunha deficiencia na documentación, requirirá a súa subsanación, fixando prazo ao efecto. Ata o cumprimento efectivo, de ser o caso, deste requirimento non comezará o cómputo do prazo legal para a resolución sobre a aprobación definitiva ni procederá resolver sobre ésta.*

*En consecuencia, de acordo co artigo 85.7 da LOUGA, completado o expediente, o órgano competente para aprobar definitivamente a Modificación puntual adoptará a decisión que proceda, se ben por aplicación do artigo 85.10 da LOUGA ésta entenderase aprobada definitivamente se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no Rexistro do órgano competente sen que éste comunicase a resolución.*

*V. Órgano competente.*

*É competente para aprobar provisionalmente a Modificación puntual nº.8 do PXOM-08 o Pleno do Concello co voto favorable da maioría absoluta da maioría legal de membros da Corporación (artigos 85.7 da LOUGA e 123.1.i) e 123.2 LRBRL), previa aprobación do proxecto pola Xunta de Goberno Local segundo o artigo 127.1.c) da LRBRL e ditame do Consello da XMU (artigos 3º.1 e 10º.1.a) do Estatutos da XMU, AD versión consolidada aprobada polo Pleno o día 06.09.2010 -BOP nº.193, do 06.10.2010) na súa consideración de comisión informativa do Pleno (artigos 122.4.a) LRBRL e 47 e ss. ROP).*

*Por todo o anterior, fórmulase a seguinte PROPOSTA DE RESOLUCIÓN,*

*PRIMEIRO: Desestimar a alegación presentada por D<sup>a</sup>. Amelia Caride Bugarín, D. Telmo Paredes Falque, D. Carlos Lago Costas con entrada no Rexistro xeral da XMU o día 19.07.2013 (doc. 130086610), con fundamento no informe da arquitecta municipal de data ...*

*SEGUNDO: Aprobar provisionalmente a “Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)”(V.1 Documento para aprobación inicial), formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en agosto de 2012, en cumprimento da resolución da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos en data 10.04.2012, ditada para exectuar a STSXG nº. 585/2012 do 16.06.2011.*

*TERCEIRO: Remitir o expediente completo debidamente dilixenciado ao titular da CMATI como órgano competente para a súa aprobación definitiva, que se entenderá producida se transcorreran tres meses dende a entrada do expediente completo no correspondente Rexistro autonómico sen que se fora comunicada a resolución que proceda.*

*CUARTO: Dar traslado do presente acordo á Asesoría Xurídica do Excmo.Concello de Vigo para o seu coñecemento e remisión ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.*

*Non obstante, o órgano competente decidirá co seu superior criterio o que estime oportuno.*

#### Acordo

A Xunta de Goberno local aproba o proxecto de “Modificación puntual nº. 8 do PXOM, clasificación da parcela nº. 1 U.A. Moledo e Sector S-26-R Pescadeira (Sárdoma)”(V.1 Documento para aprobación inicial), formulada polos servizos técnico-xurídicos da Xerencia Municipal de Urbanismo en agosto de 2012, en cumprimento da resolución da Concelleira Delegada de Urbanismo, Cascos Históricos e Grandes Proxectos en data 10.04.2012, ditada para exectuar a STSXG nº. 585/2012 do 16.06.2011.

### **ASUNTOS FORA DA ORDE DO DIA**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declarar de urxencia os asuntos seguintes, de conformidade co artº. 51 do Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, aprobado por Decreto legislativo 781/1986 de 18 de abril.

#### **25(979).- RECEPCIÓN DEFINITIVA DE OBRAS DE URBANIZACIÓN DA U.A. 8 AS GRADES. EXPTE. 5102/401.**

A Xunta de Goberno Local, co quorum regulamentario, acorda declara-la urxencia do asunto de referencia por estar fóra da orde do día.

Dáse conta do informe-proposta da técnico de Admón. Xeral, do 23.08.13, conformado polo director do Servizos técnicos e pola xerente municipal de Urbanismo, que di o seguinte:

#### **ANTECEDENTES**

- I. Con data do 28 de xaneiro de 2002 o Pleno do Concello acordou: “Primeiro.- Aprobar definitivamente o Estudio de detalle da “U A 8-Grades” (San Miguel de Oia), promovido polas entidades mercantís “Lanzamar, S A” e “Promociones Vital Vigo, S L”, na súa versión definitiva, redactado polos arquitectos don José Luis Pereiro Alonso, don Alberto Cameselle Lago, don Borja Ramilo Méndez e don Pedro de la Puente Crespo, visado polo COAG no 06.09.2001 e 25.09.2001 (Expte. 4348/411). (...). Cuarto.- A propiedade do ámbito deberá asumi-lo mantemento dos novos espazos libres e verdes cedidos ó Concello. A tal fin, as fincas resultantes do proxecto de compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espazos libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de se constituir unha entidade urbanística de consevación”.*
- II. Con data do 17 de febreiro de 2000 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar definitivamente o proxecto de bases de actuación e estatutos para a constitución e funcionamento da Xunta de Compensación da UA 8 Grades (exped. 4074/401), conforme ao texto publicado no BOP de Pontevedra de 19 de maio de 1999 e con data do 15 de decembro de 2000 o*

*Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou aprobar a escritura de constitución da Xunta de Compensación da U.A. Grades, outorgada con data do dezaseis de outubro de 2000 por don Ignacio Piñeiro Gómez e outros propietarios do polígono que representan o 82,74% da súa superficie, ante o notario de Vigo don José Antonio Rodríguez González, ao número dous mil novecentos setenta e sete (2977) do seu protocolo. Mediante resolución do 08/01/2001 do director xeral de Urbanismo da Xunta de Galicia inscribiuse a devandita Xunta de Compensación no rexistro de entidades urbanísticas colaboradoras.*

- III. Con data do 24 de outubro de 2002 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo, acordou: "(...) Segundo: Transferir ás entidades mercantís "LANZAMAR S A" E "VITAL VIGO, S L", en pro indiviso e por partes iguais os 1.562,63 m<sup>2</sup> de aproveitamento urbanístico municipal das parcelas resultantes "12", "13", "14" e "15" no polígono "U.A. 8-Grades", polo seu valor urbanístico, (descontados os custes de urbanización), que ascende á cantidade de 248.419,19 Euros (41.333.475 ptas.). Esta transferencia de aproveitamento urbanístico queda condicionada suspensivamente ó pago efectivo da devandita cantidade no prazo dun mes dende a notificación deste Acordo, (na conta municipal de CAIXAGALICIA núm. 2091/0501/66/3110002530), e á súa acreditación nesta Xerencia de Urbanismo. Terceiro: Aprobar definitivamente o Proxecto de Compensación do polígono "U.A. 8-Grades" (San Miguel de Oia), promovido pola Xunta de Compensación dese ámbito -Expte. 4362/401- (...)".*
- IV. Con data do 23 de xaneiro de 2003 o Consello da xerencia municipal de Urbanismo acordou: "Primeiro.- Aprobar definitivamente o proxecto de urbanización da "U.E. 8-Grades", promovido polas entidades mercantís "Lanzamar, S A" e "Promociones Vital Vigo, S L", redactado polos arquitectos Pereiro Alonso, Cameselle Lago, Ramilo Méndez e Puente Crespo (Expte. 4327/401), visado polo COAG no 19/09/2002. Segundo.- Para poder solicitar licenza de obras antes da finalización e recepción das obras de urbanización, a Xunta de Compensación deberá constituír previamente fianza ou aval bancario polo importe de 235.381,60 euros, en garantía da correcta execución de dita urbanización. Terceiro.- Antes do inicio das obras deberá efectuarse un "replanteo" das mesmas, en coordinación cos técnicos da oficina municipal de "Vías e Obras". Asemade, ó solicita-la súa recepción facilitarase representación planimétrica do realmente executado en soporte informático. Durante a execución destas obras deberá darse cumprimento ó sinalado polos enxeñeiros dos departamentos municipais de Parques e Xardíns e Servizos Electromecánicos nos seus respectivos informes citados na parte expositiva deste acordo..." (BOP núm. 37 de 24 de febreiro de 2003 e DOG núm. 52 de 14 de marzo de 2003). Expte núm. 4327/401.*
- V. Previa denuncia por parte de adquirentes de vivendas construídas no ámbito, do incumprimento da súa obriga de urbanizar pola Xunta de Compensación da Unidade de Actuación As Grades, con data do 23 de outubro de 2007 pola Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda resolveuse incoar expediente para determinar o incumprimento da obriga de urbanización da "UA As Grades" á Xunta de Compensación e con data do 21 de febreiro de 2008 pola Delegada da Área de Urbanismo e Vivenda, acordouse declarar a caducidade do expediente incoado por resolución de data do 23 de outubro de 2007 e polo tanto incoar novo expediente para determinar se concorren os supostos para decla-*

*rar incumplida a obriga de urbanización da "UA As Grades" á Xunta de compensación.*

- VI. *Finalmente, con data do 9 de maio de 2008 polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveuse "1.- Requirir para que no prazo de dous meses se conclúan as obras de urbanización da "U.A. 8 As Grades" de acordo co informado polos servizos técnicos municipais coa expresa advertencia que, naquel caso que non se dea terminación as mesmas, procederase á inmediata incautación da garantía e á execución subsidiaria de acordo co establecido no artigo 98 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común (...)". Contra esta resolución a Xunta de Compensación interpuxo recurso de reposición que foi desestimado por resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data do 23 de xullo de 2008 no seguinte senso: "1.- Desestimar o recurso de reposición presentado por don Ignacio Piñeiro Gómez, e. r. da Xunta de Compensación da UA As Grades. 2.- Desestimar expresamente a solicitude de suspensión dos efectos da resolución que se recorre. Alzar a suspensión solicitada ex 111.3 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común (...)".*

*E con data do 2 de outubro de 2008 polo Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda resolveuse o seguinte: "1.- De acordo co previsto no artigo 95 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das Administracións Públicas e procedemento administrativo común, resolver a execución subsidiaria das obras de urbanización que restan por executar ante a total inactividade da entidade urbanística colaboradora e o perigo no que se encontra a urbanización. 2.- Proceder á incautación do aval depositado pola Xunta de Compensación da "UA 8 As Grades" do "Banco de Sabadell, S.A." de data 4.08.08 (data de depósito 7.08.03, número de operación 200300039273). 3.- Requirir dos Servizos técnicos da Xerencia para que elaboren separata de unidades de obra pendente de urbanización, así como ó Servicio Centrais da XMU para que procedan a contratación das obras...". Contra esta resolución a Xunta de Compensación interpuxo recurso de reposición, solicitando entre outras cuestións, a suspensión dos efectos do mesmo ó abeiro do establecido no artigo 111 da Lei 30/92, de 26 de novembro e mediante resolución do Delegado da Área de Urbanismo e Vivenda de data do 28 de xaneiro de 2009 resolveuse desestimar a solicitude de suspensión dos efectos do acto dictado polo Delegado de Urbanismo e Vivenda de data do 2 de outubro de 2008. Expte núm. 4779/401.*

- VII. *Pola Xunta de Goberno Local de data do 16 de febreiro de 2009 acordouse a recepción parcial das obras de urbanización da "UA 8 As Grades" nos termos dos informes incorporados ao expediente dos distintos departamentos municipais e das empresas subministradoras e informar que a recepción parcial non será título para a disolución da "Xunta de Compensación da UA 8 As Grades" nin é título para a cancelación da obriga ou carga real das fincas resultantes de asumir todos os gastos de urbanización e así mesmo, informar que a presente recepción non implica o inicio do cómputo do prazo de garantía pola execución das obras de urbanización; asemade, no mesmo acto acordouse incoar o expediente de contratación das obras de urbanización de terminación da "UA 8 As Grades" de acordo co previsto no artigo 93 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e dar conta do acordo aos Servizos Técnicos da Xerencia municipal de Urbanismo e á Oficina de Supervisión de*

*proxectos e Inspección de Obras para que propoñan e adopten cantas medidas de seguridade nas obras sexan necesarias. Expte 4731/401.*

*VIII. As obras de urbanización foron adxudicadas definitivamente polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo o día 3 de setembro de 2009 a favor da empresa "Construcciones, Obras y Viales, S A", formalizándose o correspondente contrato coa adxudicataria con data do 4 de setembro de 2009; posteriormente, polo Consello da xerencia municipal de Urbanismo de data do 16 de maio de 2013 aprobouse unha modificación do contrato, formalizándose o necesario modificado con data do 28 de maio de 2013. Consta neste expediente de contratación tramitado baixo o núm. 3664/407 acta de comprobación e replanteo de data do 3 de xuño de 2013 e acta de recepción das obras de urbanización de data do 2 de agosto de 2013.*

#### **NORMATIVA EXAMINADA E DEREITO**

- I. O contido do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo, aprobado de maneira definitiva de forma parcial pola Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes da Xunta de Galicia do día 16 de maio de 2008 -DOG núm. 106, de 3 de xuño de 2008 e BOP núm. 151, de 6 de agosto de 2008-; o día 13 de xullo de 2009, foi aprobado definitivamente o documento de cumprimento da Orde da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes do 16 de maio de 2008 sobre aprobación definitiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Vigo -DOG núm. 144, de 24 de xullo de 2009 e BOP núm. 175, de 10 de setembro de 2009-,*
- II. O Real Decreto legislativo 2/2008, de 20 de xuño, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do solo e o Real Decreto 1492/2011, de 24 de outubro, polo que se aproba o Regulamento de valoracións da Lei do solo,*
- III. O Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do sector público e Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se aproba o regulamento parcial da Lei de contratos do sector público, así como o Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas,*
- IV. A Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, coas súas diversas modificacións -en diante LOUGA-,*
- V. O Decreto 28/1999, de 21 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento de disciplina urbanística para o desenvolvemento e aplicación da Lei do solo, en vigor en virtude da Disposición Transitoria Sexta da LOUGA,*
- VI. O Real-Decreto 2159/1978, polo que se establece o regulamento de planeamento urbanístico -RPU- e o Real-Decreto 3288/1978, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU-, ambos con carácter supletorio,*
- VII. A Lei 9/2006, de 28 de abril, sobre avaliación dos efectos de determinados plans e programas no medio ambiente,*
- VIII. O Real Decreto legislativo 1/2008, de 11 de xaneiro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Avaliación de impacto ambiental de proxectos,*



- IX. A Lei 30/1992, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, de 13 de xaneiro,
- X. A Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local,
- XI. A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia,
- XII. A Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa,
- XIII. O Real Decreto 1093/1997, de 4 de xullo, polo que se aproban as normas complementarias ao regulamento para a execución da Lei Hipotecaria sobre inscrición no Rexistro da propiedade de actos de natureza urbanística,
- XIV. Os Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo, na súa versión consolidada aprobada polo Pleno do Concello en data do 6 de setembro de 2010 (BOP núm. 193 de 6 de outubro de 2010),
- XV. O resto de disposicións que poidan afectar,

Á vista da documentación existente no expediente, emítase o seguinte INFORME/VALORACIÓN XURÍDICA

I. *Recepción definitiva das obras de urbanización.-*

*Con data do 19 de agosto de 2013, o Director adxunto dos Servizos técnicos e o enxeñeiro técnico de Obras públicas, emiten informe do seguinte tenor literal: "Con fecha 28 de Mayo de 2013, se firmó el Modificado nº 1 del Contrato de Obras para la ejecución subsidiaria de la terminación de la Urbanización de la U. E. GRADES.*

*Una vez ejecutadas las obras contenidas en ese Proyecto Modificado nº 1, se firma el Acta de Recepción de las mismas con fecha 2 de Agosto de 2013. Teniendo en cuenta que dichas obras eran las necesarias para rematar el Proyecto de Urbanización que desarrollo la U. E. GRADES, cumple por lo tanto proceder a la Recepción Definitiva de las obras.*

*No se considera necesario incluir informes de otras oficinas municipales y/o empresas de servicios toda vez que el grueso de las instalaciones urbanísticas ya están recibidas desde el año 2009 (Exp - 4731/401) y funcionando sin problemas, y que las ahora ejecutadas lo han sido por las propias empresas explotadoras de los mismos.*

*La ejecución de estas obras han sido contratadas y dirigidas por los Servicios Municipales que certifican la idoneidad de las mismas".*

*De conformidade co disposto polo artigo 110.5 da LOUGA, a recepción polo Concello das obras de urbanización en execución do planeamento rexeráse polo disposto na lexislación de contratos das administracións públicas, lexislación que para a constatación do cumprimento dos contratos e recepción da prestación esixe un acto formal e positivo de recepción ou conformidade que para o caso dos contratos de obras, para dalas por recibidas o concreta no levantamento da correspondente acta asinada polo funcionario técnico designado pola Admnsitración contratante e representante desta, acreditando que se*

*atopan en bo estado e foron realizadas de acordo coas prescricións previstas -artigo 218 en relación co artigo 205.2 da LCSP-. No expediente de contratación tramitado baixo o núm. 3664/407, consta acta de recepción de data do 2 de agosto de 2013 asinada polos funcionarios técnicos municipais directores da obra e a empresa adxudicataria.*

*Non sería necesario polo tanto a adopción dun acordo municipal expreso para recibir formalmente as obras de urbanización que é unha decisión marcadamente técnica que non necesita de proposta xurídica algunha; neste senso, novamente certifican a idoneidade das obras o director adxunto dos Servizos técnicos e enxeñeiro técnico de obras públicas mediante o informe transcrito de data do 19 de agosto de 2013, polo que a presente proposta entenderase realizada polo propio Director dos Servizos Técnicos "ex art. 172" do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das administracións públicas, como xefe da dependencia á que corresponde tramitar a recepción destas obras de urbanización.*

## *II. Constitución dunha entidade urbanística de conservación.-*

*Consonte ao establecido polo artigo 110.6 a conservación da urbanización corresponderalle ao Concello. O planeamento urbanístico poderá prever a obriga dos propietarios dos soares resultantes da execución da urbanización de constituírse en entidade urbanística de conservación e, neste caso, a conservación da urbanización corresponderá a esta entidade polo prazo que sinale o Plan. Por outro lado, o Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística -RXU- prevé a consitución destas entidades nos seus artigos 24-30 (Sección Sexta do Capítulo I do Título I, referente ás entidades urbanísticas colaboradoras) e 67-70 (Capítulo IV do Título II, adicado á conservación da urbanización).*

*Cabe destacar que o artigo 25.3 do RXU dispón que será obligatoria a constitución dunha entidade urbanística de conservación sempre que o deber de conservación das obras de urbanización recaia sobre os propietarios comprendidos nun polígono ou unidade de actuación en virtude das determinacións do Plan de ordenación ou bases do programa de actuación urbanística ou resulte expresamente de disposicións legais. En tales supostos, a pertenza á entidade de conservación será obrigatoria para todos os propietarios comprendidos no seu ámbito territorial.*

*No caso que nos ocupa, cando se aprobou o Estudio de detalle da U. A. 8-Grades, na parte resolutiva do acordo foi prevista esta obriga nos seguintes termos: "A propiedade do ámbito deberá asumir-lo mantemento dos novos espacios libres e verdes cedidos ao Concello. A tal fin, as fincas resultantes do Proxecto de Compensación quedarán afectas, na cota de participación correspondente, á carga real de conservación de ditos espacios libres e zonas verdes de nova creación. Haberá tamén de constituírse unha entidade urbanística de conservación".*

*Por outro lado, o proxecto de compensación aprobado definitivamente conta cunhas disposicións finais dispoñendo literalmente a súa disposición final octava que "una vez finalizada la ejecución de las obras de urbanización, esta Junta de Compensación se convertirá en Entidad de conservación, colaborado-*

*ra de la Administración, de acuerdo con lo preceptuado por la legislación urbanística. Deberá velar por la conservación de las obras de urbanización, siendo la pertenencia a la misma obligatoria para todos los propietarios comprendidos en su ámbito territorial”.*

*Isto está en consonancia co disposto polo artigo 25.2 do Real Decreto 3288/1978, de 25 de agosto, polo que se aproba o regulamento de xestión urbanística, que establece que as entidades de conservación das obras de urbanización poderán constituirse como consecuencia da transformación dalgunha entidade preexistente das enunciadas no número anterior -como é o caso dunha Xunta de Compensación- ou especificamente para ditos fins, sen que previamente se teña constituído unha entidade para a execución das obras de urbanización.*

*Conclúese polo tanto que será obligatoria a constitución dunha entidade de conservación por todos os propietarios do ámbito e que o propio sería que fose constituída, como consecuencia da transformación da propia Xunta de Compensación en dita entidade.*

### *III. Órgano competente.-*

*Será órgano competente para a adopción do presente acordo a Xunta de Goberno Local consonte ao previsto polo artigo 127.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de bases de réxime local por proposta do Consello da xerencia municipal de Urbanismo, de conformidade co artigo 10.1.j) en relación co artigo 3 dos Estatutos da xerencia municipal de Urbanismo.*

*Visto o que antecede e a normativa de aplicación, PROPONSE a adopción do seguinte ACORDO*

*PRIMEIRO: Recibir definitivamente as obras de urbanización da U. A. 8 AS GRADES rematadas en virtude da contratación de obras realizada por esta xerencia municipal de Urbanismo, para a execución subsidiaria da terminación da urbanización da U.E. GRADES.*

*SEGUNDO: Requirit á Xunta de Compensación para que inste ante esta xerencia municipal de Urbanismo a súa transformación nunha entidade urbanística de conservación da urbanización da U.A. 8 AS GRADES da que formarán parte obrigatoriamente todos os propietarios do ámbito.*

*TERCEIRO: Notificar aos interesados o presente acordo, con indicación de que pon fin á vía administrativa e de que contra o mesmo caberá interpoñer alternativamente, recurso potestativo de reposición no prazo dun (1) mes ou directamente, recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do contencioso-administrativo de Vigo, no prazo de dous (2) meses, a contar ambos prazos dende o día seguinte á notificación do presente acordo.*

*CUARTO: Dar traslado do presente acordo aos Servizos Técnicos e aos Servizos centrais da xerencia municipal de Urbanismo, así como aos Servizos de Vías e Obras, OSPIO, Patrimonio, Montes, parques e xardíns, Electromecánicos, Mobilidade, transporte e seguridade e Limpeza aos efectos oportunos e finalmente, ás compañías subministradoras Telefónica, S A, R cable y telecomunicaciones Galicia, S A, Gas Natural Fenosa e Aqualia, S A”.*

*Non obstante, o órgano resolutorio decidirá, co seu superior criterio, o que teña por conveniente.*

O Consello da Xerencia municipal de Urbanismo, en sesión do 6.09.13, acorda elevar o expediente á Xunta de Goberno Local para a súa consideración.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

**26(980).- ROGOS E PREGUNTAS.**

Non houbo ningunha intervención neste punto.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás nove horas e quince minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA  
DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,

Isaura Abelairas Rodríguez.